



DIARIO OFICIAL

de **GALICIA**

Luns, 26 de abril de 2004  
Taxa 0,84 € (IVE incluído)

**SUMARIO**

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA  
AGROALIMENTARIA E  
DESENVOLVEMENTO RURAL**

— Orde do 23 de abril de 2004 pola que se regula a solicitude de determinadas axudas directas comunitarias a produtores no sector lácteo.

Páxs.

5.866

Ano XXIII

Nº 79

	<u>Páxs.</u>
<b>CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO</b>	
— Resolución do 16 de marzo de 2004, da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, pola que se inscribe o Monasterio de Benedictinas de Santa María de Carbajal no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago.	5.872
<b>CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS</b>	
— Resolución do 29 de marzo de 2004, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no <i>Diario Oficial de Galicia</i> , da revisión salarial para o ano 2003 do convenio colectivo do sector de construción.	5.872
— Resolución do 29 de marzo de 2004, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no <i>Diario Oficial de Galicia</i> , da revisión salarial para o ano 2003 do convenio colectivo do sector de comerciantes por xunto de froitas varias, hortalizas e plátanos.	5.874
<b>ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE</b>	
— Resolución do 13 de abril de 2004 pola que se convocan cinco xornadas prácticas na loita contra incendios.	5.875
<b>ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA</b>	
— Resolución do 19 de abril de 2004 pola que se anuncian os actos en conmemoración do Día das Letras Galegas.	5.876
— Resolución do 20 de abril de 2004 pola que se convoca unha xornada sobre a necesidade de protección ante os malos tratos ás persoas maiores.	5.877
<b>IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS</b>	
<b>CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA</b>	
— Resolución do 19 de abril de 2004, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fan públicas as listas definitivas para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo reservados a persoal funcionario, reguladas no Decreto 217/2003, do 11 de abril, correspondentes ao corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia (grupo B), escala técnica de inspección turística, de conformidade co establecido nas resolucións do 11 de novembro de 2003 e do 10 de marzo de 2004.	5.879

	<u>Páxs.</u>
— Resolución do 19 de abril de 2004, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fan públicas as listas para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo reservados a persoal funcionario, reguladas polo Decreto 217/2003, do 11 de abril, correspondentes ao corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala superior de estatísticos, no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia (grupo B), escala técnica de estatísticos, no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de enxeñeiros agrónomos e no corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia (grupo D), escala de axentes forestais, de conformidade co establecido na Resolución do 11 de novembro de 2003.	5.879

## V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DO SOCIAL NÚMERO TRES DE OVIEDO

— Edicto (25/2004).	5.880
---------------------	-------

### XULGADO DO SOCIAL NÚMERO CATRO DE SANTANDER

— Edicto (36/2004).	5.880
---------------------	-------

## VI. ANUNCIOS

### a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

— Resolución do 19 de abril de 2004 pola que se convoca concurso, polo procedemento aberto, para a contratación do servizo de apoio técnico-funcional á explotación do sistema de xestión de procedementos administrativos da Xunta de Galicia.	5.881
---	-------

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

— Anuncio do 16 de marzo de 2004, do recadador de zona da Coruña, polo que se relacionan dilixencias de embargo pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan (Fraga Aneiros, Pilar e dous máis).	5.882
— Anuncio do 17 de marzo de 2004, do recadador de zona de Lugo, polo que se relacionan procedementos de constrinximento pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan ( <i>Agencia Artística Unirdel, S.L.</i> e trinta e sete máis).	5.882

- Páxs.
- Anuncio do 23 de marzo de 2004, do recadador de zona da Coruña, polo que se relacionan dilixencias de embargo pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan (González Gude, Balbina e seis máis). 5.883
- Anuncio do 26 de marzo do 2004, da Dirección Xeral de Tributos, polo que se relacionan notificacións de posta de manifesto de actuacións de expedientes de derivación de responsabilidade pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (Jesús Amo Fernández e dous máis). 5.883

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA**

- Resolución do 12 de abril de 2004, do Servizo Provincial de Estradas de Ourense, pola que se sinala a data para o levantamento das actas previas á ocupación, trámite de urxencia, para a expropiación dos bens e dereitos afectados polas obras do proxecto de trazado do enlace da estrada OU-504 co polígono industrial da Uceira (O Carballiño). (Clave OU/03/115.01). 5.884
- Resolución do 20 de abril de 2004, da Secretaría Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, pola que se emprazan os interesados nos recursos contencioso-administrativos 4957/2003 e dezaseis máis, interpostos contra a orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda do 29 de abril de 2003, pola que se lle outorga a aprobación definitiva ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ourense. 5.885

### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Anuncio do 16 de abril de 2004, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se lle notifica a Manuel Gómez Rodríguez acordo de incoación de expediente disciplinario. 5.885

### **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO**

- Acordo do 26 de marzo de 2004, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización e aprobación do proxecto de execución da instalación electromecánica que se cita. (Expediente IN661A 03/6). 5.886

- Páxs.
- Acordo do 13 de abril de 2004, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 01/570). 5.886
- Resolución do 5 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 03/709-4). 5.887
- Resolución do 10 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se realiza a publicidade do Acordo do 29 de outubro de 2003, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, no que se formula a declaración de impacto ambiental do proxecto de explotación para granito ornamental da concesión de explotación derivada do permiso de investigación Carballeda 2590. 5.887
- Resolución do 10 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 04/19-2, 6113 A.T.). 5.888
- Resolución do 10 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 04/20-2, 6115 A.T.). 5.888
- Resolución do 10 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 04/21-2, 6131 A.T.). 5.888
- Resolución do 10 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 04/22-2, 6088 A.T.). 5.889
- Resolución do 10 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 04/23-2, 6126 A.T.). 5.889
- Resolución do 10 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 04/24-2, 6117 A.T.). 5.889

- |  | <u>Páxs.</u> |
|--|--------------|
| — Resolución do 11 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 04/25-2, 6157 A.T.).   | 5.890        |
| — Resolución do 16 de marzo de 2004, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se reduce a autorización da empresa <i>Ingeniería de Gestión Industrial, S.L. (Ingein, S.L.)</i> como organismo de control autorizado na Comunidade Autónoma de Galicia.   | 5.890        |
| — Resolución do 16 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se fai público o outorgamento do permiso de investigación denominado Fillaboa 2754.1.  | 5.891        |
| — Resolución do 25 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 04/29-2, 6154 A.T.).   | 5.891        |
| — Resolución do 26 de marzo de 2004, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se autorizan as instalacións electromecánicas, se aproba o proxecto de execución e se reconece a condición de instalación acollida ao réxime especial do parque eólico singular denominado Inditex. (Expediente IN661A-12/02). | 5.892        |

#### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL**

- |  |       |
|--|-------|
| — Resolución do 17 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Ourense, de notificación de incoación do expediente sancionador ICA-OU-17/03-V, por infracción da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, e demais normativa de aplicación. | 5.894 |
|--|-------|

#### **CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

- |   |       |
|---|-------|
| — Orde do 1 de abril de 2004 pola que se autoriza a transmisión inter vivos da concesión da batea Rocamar XXXVII (Redondela A-44).                                      | 5.894 |
| — Resolución do 8 de marzo de 2004 pola que se fai público o outorgamento do permiso de actividade para a posta en funcionamento dun criadeiro en Camariñas (A Coruña). | 5.895 |

- |   | <u>Páxs.</u> |
|---|--------------|
| — Resolución do 29 de marzo de 2004, da Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se anuncia a licitación por concurso aberto dun contrato de consultoría e asistencia para impartir o programa de formación práctico do certificado de profesionalidade formación básica para o sector pesqueiro cofinanciado con fondos IFOP. | 5.896        |
| — Cédula do 5 de abril de 2004, da Delegación Territorial da Coruña, pola que se notifica a proposta de expediente sancionador PESAN1 2003/001538-1.  | 5.897        |
| — Anuncio do 18 de marzo de 2004 polo que se publica extracto de resolución de concesión de axudas.   | 5.897        |

#### **CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO**

- |  |       |
|--|-------|
| — Resolución do 19 de abril de 2004, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se anuncia a licitación, mediante concurso público, procedemento aberto e trámite de urxencia, para a contratación do servizo de limpeza e lavandaría da residencia de tempo libre do Carballiño (Ourense). | 5.898 |
|--|-------|

#### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**

- |  |       |
|--|-------|
| — Resolución do 24 de marzo de 2004, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental para unha granxa porcina, cebadeiro para 2.700 porcos de 20 a 100 kg en Teixeiro (Curtis), promovida por <i>Fontemoruxa, S.L.</i> | 5.899 |
|--|-------|

#### **CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

- |   |       |
|---|-------|
| — Cédula do 18 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se fai público o acordo de inicio do procedemento de reintegro do 24 de outubro de 2003, das axudas a autónomos do expediente administrativo REINT. 2003/254-5.                     | 5.900 |
| — Cédula do 18 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se fai público o acordo de inicio do procedemento de reintegro do 24 de outubro de 2003, das axudas á promoción do emprego autónomo do expediente administrativo REINT. 2003/255-5. | 5.900 |

- Cédula do 18 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se fai público o acordo de inicio do procedemento de reintegro do 24 de outubro de 2003, das axudas a autónomos do expediente administrativo REINT. 2003/256-5. 5.901

### INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

- Cédula do 31 de marzo de 2004, da Área Provincial de Pontevedra, pola que se lle notifica a José Luis Martiñán Abal, administrador único da empresa mercantil *Promociones Indoal, S.L.* a resolución do expediente sancionador ES-P-004/2003. 5.902
- Cédula do 31 de marzo de 2004, da Área Provincial da Coruña, de notificación de requirimentos de pagamentos aos debedores que se relacionan (expediente c-92/070, conta 2 e dous máis). 5.902
- Cédula do 2 de abril de 2004, da Área Provincial da Coruña, pola que se lle notifica ao interesado a resolución do expediente sancionador VP-C 19/2003. 5.903

### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

- Resolución do 25 de marzo de 2004 pola que se lles dá publicidade aos avais concedidos polo Instituto Galego de Promoción Económica. 5.903

### SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- Resolución do 23 de marzo de 2004, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Ourense, pola que se anuncia o concurso público, por procedemento aberto e trámite ordinario, para a contratación do servizo de realización de probas analíticas en laboratorios externos. (CP 12/2004). 5.904
- Resolución do 31 de marzo de 2004, da División de Recursos Económicos, pola que se fai pública a relación da adxudicación definitiva de contratación de subministracións. 5.905
- Resolución do 21 de abril de 2004, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo-Marítimo Oza da Coruña, pola que se corrixe a Resolución do 10 de marzo de 2004 pola que se anuncia concurso de servizos, polo procedemento aberto e plurianual, para o servizo de vixilancia dos centros e as súas dependencias que integran o Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo-Marítimo Oza. (Ref. C. 144/2004). 5.906

### UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- Resolución do 31 de marzo de 2004 pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo 0078/2004 (procedemento abreviado) interposto por María Pilar Rivera Pardo. 5.906

### UNIVERSIDADE DE VIGO

- Resolución do 16 de abril de 2004 pola que se anuncia concurso público, por procedemento aberto e mediante tramitación urxente, para a adxudicación dos contratos que se citan. 5.906

### b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

#### CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

- Suspensión do outorgamento de licenzas nos ámbitos do territorio obxecto da modificación das NN.SS. de planeamento do Concello de Campo Lameiro para a creación dun parque empresarial no lugar de Redonde. 5.907

#### CONCELLO DE CARRAL

- Anuncio. 5.907

#### CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Resolución do 5 de abril de 2004 pola que se anuncia o concurso que se cita. 5.907
- Anuncio do 19 de abril de 2004 de poxa por procedemento aberto da concesión de bens de uso público municipal na Alameda de Santiago de Compostela. 5.908

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

- Resolución do 16 de abril de 2004 pola que se anuncia concurso para a contratación da obra E.P. 8001 Caldas-Carracedo-Catoira (Caldas de Reis). 5.908

#### EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN

Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia,  
Relacións Institucionais e Administración Pública  
Edificio San Caetano – Santiago de Compostela  
Teléfonos 981544268 – 981544270  
Fax 981544272 – 981544273  
<http://www.xunta.es>  
e-mail: [dog@xunta.es](mailto:dog@xunta.es)  
ISSN 1.130-9229  
Depósito Legal C. 73-1982



#### IMPRIME

La Voz de Galicia, S.A.  
Avda. da Prensa, 84-85. Pol. Ind. de Sabón  
15142-Arteixo (A Coruña)

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

*Orde do 23 de abril de 2004 pola que se regula a solicitude de determinadas axudas directas comunitarias a produtores no sector lácteo.*

A reforma da Política Agraria Común (PAC) aprobada en 2003, determinou mediante o Regulamento (CE) 1788/2003, do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establece unha taxa no sector do leite e dos produtos lácteos, a prórroga do réxime de cotas durante once períodos consecutivos de doce meses a partir do 1 de abril de 2004 co obxectivo de reducir o desequilibrio entre a oferta e a demanda destes produtos e os conseguíntes excedentes estruturais.

Na mesma reforma, o Regulamento (CE) 1787/2003, do Consello, do 29 de setembro de 2003, que modifica o Regulamento (CE) 1255/1999 polo que se establece a organización común de mercados no sector do leite e dos produtos lácteos, coa finalidade de fomentar o consumo de leite e produtos lácteos na Comunidade e de mellorar a competitividade destes produtos no mercado internacional, reduciu o nivel de apoio ao mercado destes produtos.

Tamén esa reforma determinou as axudas directas a produtores de leite co obxectivo de compensar os posibles efectos que sobre as súas rendas puidera ter esa diminución do apoio ao mercado. Con esta finalidade, as axudas directas á renda dos produtores de leite introducidas no marco da Axenda 2000 adiantáronse no tempo e incrementáronse de acordo co recollido no Regulamento (CE) 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CEE) 2019/1993, (CE) 1452/2001, (CE) 1453/2001, (CE) 1454/2001, (CE) 1868/1994, (CE) 1251/1999, (CE) 1254/1999, (CE) 1673/2000, (CEE) 2358/1971 e (CE) 2529/2001.

Así mesmo, o Real decreto 543/2004, do 13 de abril, sobre determinadas axudas directas comunitarias no sector lácteo en España nos anos 2004, 2005 e 2006 determina o marco básico no que deben encadrarse as actuacións das administracións competentes na tramitación, resolución e pagamento destas axudas no Estado español neses anos.

As axudas directas a produtores de leite aplícanse agora por primeira vez como unha medida de apoio ás rendas destes no marco da organización común de mercados do leite. Estas axudas teñen dous compoñentes, prima láctea e pagamentos adicionais, que en ambos os dous casos, son proporcionais á cota de leite que ten cada produtor.

Por outra banda, de acordo coa normativa comunitaria aplicable (basicamente, o Regulamento (CE) 1258/1999, do Consello, do 11 de maio, e o Regulamento (CE) 1663/1995, da Comisión, do 7 de xullo) e co Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, que regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación có FEOGA-Garantía, o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) é o organismo pagador dos gastos financiados polo FEOGA-Garantía nesta Comunidade Autónoma, segundo o disposto no Decreto 359/1996, do 13 de setembro, modificado polo Decreto 93/1998, do 20 de marzo.

Ademais, o dito organismo, creado pola Lei 7/1994, do 29 de decembro, coa denominación actual establecida pola disposición adicional quinta da Lei 7/2002, do 27 de decembro, ten atribuídas, entre outras, competencias para a xestión das accións derivadas da Política Agrícola Común (PAC), o que se desprende tamén do disposto no Decreto 128/1996, do 14 de febreiro, que desenvolve a Lei 7/1994.

De acordo co exposto, mediante desta orde determínase a normativa complementaria para a solicitude, tramitación, resolución e pagamento destas axudas na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2004.

Sen prexuízo da aplicabilidade directa da normativa comunitaria e tendo en conta a básica estatal, considérase conveniente transcribir certos preceptos para facilitar a comprensión desta orde.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.1.3 do EAG e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, e no Decreto 50/2002, do 14 de febreiro, modificado polo 161/2003, do 13 de febreiro,

#### DISPOÑO:

#### Capítulo I Xeralidades

##### Artigo 1º.-Obxecto.

1. Esta orde ten por obxecto o establecemento, na Comunidade Autónoma de Galicia, da normativa complementaria para a solicitude, tramitación, resolución e pagamento, para o ano 2004, dos seguintes réximes de axudas directas no sector de vacún de leite:

a) Prima láctea, establecida no artigo 95 do Regulamento (CE) 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establecen disposicións común, aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CEE) 2019/1993, (CE) 1452/2001, (CE) 1453/2001, (CE) 1454/2001, (CE) 1868/1994, (CE) 1251/1999, (CE) 1254/1999, (CE) 1673/2000, (CEE) 2358/1971 e (CE) 2529/2001.

b) Pagamentos adicionais, establecidos no artigo 96 do Regulamento (CE) 1782/2003.

2. Tamén se establece nesta orde o prazo de presentación e as condicións da solicitude das axudas de acordo co establecido no Regulamento (CE) 2237/2003, da Comisión, do 23 de decembro de 2003, polo que se establecen normas detalladas de aplicación para estes réximes de axuda directa, prima láctea e pagamentos adicionais, nos capítulos 1 e 7.

#### Artigo 2º.-Definicións.

Serán aplicables as definicións establecidas no artigo 2 do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión da cota láctea e, ademais, entenderase por:

a) Cota dispoñible: aquela cota láctea coa que conta cada produtor para a oportuna liquidación da taxa o último día de cada período. Para estes efectos as cotas cedidas temporalmente serán consideradas como dispoñibles para o cesionario ou adquirente no período en cuestión.

Da mesma maneira, no caso de transferencia definitiva e en aplicación da alínea 1 do artigo 43 do Real decreto 347/2003, as entregas certificadas e, se é o caso, as vendas directas declaradas por un produtor transferidor no momento de efectuar unha transferencia sempre e cando non superen a cota, excluída a procedente da reserva nacional, consideraranse cantidade dispoñible por este para efectos da liquidación da taxa suplementaria do período.

b) Explotacións asociativas: aquelas que, segundo se establece no artigo 6 da Lei 19/1995, adoptan algunha das seguintes formas xurídicas:

1. Sociedades cooperativas ou sociedades agrarias de transformación.

2. Sociedades civís, laborais ou outras mercantís que, no caso de que sexan anónimas, as súas accións deberán ser nominativas, sempre que máis do 50 por cento do capital social, de existir este, pertenza a socios que sexan agricultores profesionais. Estas sociedades terán por obxecto exclusivo o exercicio da actividade agraria na explotación da que sexan titulares.

c) Casos de forza maior: para os efectos das axudas previstas desta orde terán a dita consideración os seguintes casos:

1. Unha catástrofe natural grave que afectara de forma importante á explotación.

2. A destrución accidental dos recursos para a alimentación do gando ou das edificacións da explotación destinadas ás vacas leiteiras.

3. A morte ou sacrificio dunha parte significativa do rabaño de vacas leiteiras como consecuencia dunha epizootia oficialmente declarada ou que sexa obxecto de programas nacionais de erradicación.

d) Casos excepcionais: para os efectos das axudas previstas nesta orde terán a dita consideración os seguintes casos:

1. A incapacidade temporal ou invalidez permanente do titular de cota, se se encargaba por si mesmo da explotación de acordo co disposto no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

2. Calquera outra causa debidamente xustificada e documentada que afecte a incapacidade de produción dos produtores interesados e que o FOGGA así o considere.

#### Capítulo II

Solicitantes, solicitudes e condicións das axudas

#### Artigo 3º.-Beneficiarios das axudas.

1. Poderán ser beneficiarios das axudas reguladas desta orde os produtores con cota dispoñible sempre que, no período 2003-2004 (do 1 de abril de 2003 ao 31 de marzo de 2004) teñan realizado entregas de leite a un comprador autorizado ou presentado no prazo establecido, declaración de venda directa de leite ou produtos lácteos.

2. De acordo co establecido no artigo 30 do Regulamento 2237/2003, os produtores con cota dispoñible que non teñan realizado entregas no dito período 2003-2004 deberán demostrar, á satisfacción do FOGGA, que teñen reiniciado as entregas ou a venda directa, de ser o caso, e comunicado ao servizo provincial do dito organismo o devandito feito en canto se producise, e sempre con anterioridade ao 15 de maio de 2004.

3. Igualmente, aqueles produtores con cota dispoñible que non realizasen entregas no período 2003-2004 debido a casos de forza maior ou casos excepcionais, poderán beneficiarse da axuda, sempre que lle teñan comunicado o feito á autoridade competente, en canto o produtor tivera coñecemento deles e, en calquera caso, con anterioridade ao 31 de marzo de 2004.

#### Artigo 4º.-Importe das primas lácteas.

1. A prima láctea será concedida polo ano natural 2004, por explotación e por quilogramo de cota dispoñible con dereito a prima.

2. O importe da prima láctea por 1.000 quilogramos de cota dispoñible con dereito a prima no ano 2004 será de 8,15 euros.

3. De acordo co establecido no punto 4 do artigo 95 do Regulamento (CE) 1782/2003, a cota con dereito a prima para España fíxase en 5.566.950 toneladas. Se a suma das cotas dispoñibles dos solicitantes que, a nivel estatal, cumpran os requisitos establecidos, supera a cantidade antes citada, fíxase un coeficiente redutor que se aplicará linealmente a todas as solicitudes. Antes do 15 de novembro de 2004, a ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerá o coeficiente redutor de acordo con toda a información que, en cumprimento do

artigo 15 do Real decreto 543/2004, faciliten as comunidades autónomas.

Artigo 5º.-Concesión dos pagamentos adicionais.

1. O Fondo Galego de Garantía Agraria efectuará no ano 2004 os pagamentos adicionais aos produtores situados na Comunidade Autónoma de Galicia. Estes pagamentos adicionais consistirán exclusivamente nun importe adicional ao importe da prima láctea, fixado no artigo 4º.2 desta orde, e non poderán superar a contía total dispoñible de 6.326.316 €.

2. O Fondo Galego de Garantía Agraria distribuirá os pagamentos adicionais proporcionalmente á prima láctea establecida no artigo anterior.

3. Os pagamentos adicionais non poderán ter un importe unitario por explotación superior a 3.000 €. Non obstante, no caso de explotacións asociativas definidas no artigo 2 b) desta orde, este importe unitario máximo aplicarase a cada persoa física existentes nelas.

Artigo 6º.-Condicións das solicitudes de axuda.

1. Os produtores que desexen obter as axudas recollidas nesta orde deberán presentar unha solicitude de acordo co modelo que se xunta como anexo I.

2. As solicitudes deberán ser asinadas polo titular da explotación ou persoa debidamente autorizada polo seu nome.

3. O FOGGA poderá remitir aos produtores solicitude preimpresa cos datos dispoñibles no organismo e na Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, relativos ao produtor e á súa explotación, de acordo co modelo do anexo I, co fin de facilitarlles a cobertura da solicitude.

4. Coa solicitude achegaranse os seguintes documentos:

a) Fotocopia do CIF ou DNI do solicitante. No caso de que o DNI non leve a letra do NIF, será necesario presentar, ademais, fotocopia do NIF.

b) Certificado da entidade financeira acreditativo do código conta-cliente de titularidade do solicitante, para a transferencia das axudas, ou selo da entidade financeira no impreso, indicativo da conta bancaria para os mesmos efectos de acreditación, no caso de modificar os datos da presolicitude ou de utilizar solicitude nova.

c) Documento de autorización de sinatura da solicitude se non é titular quen a asina e presenta.

d) Ademais, cando na solicitude non se autorice o FOGGA para solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e da Consellería de Economía e Facenda, a expedición dos certificados de estar ao día das súas obrigas tributarias e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto coa Administración pública desta Comunidade Autónoma, deberá achegar por si mesmo as ditas certificacións xunto coa solicitude, agás no caso de que o importe da axuda non exceda de 1.500 €.

e) No caso de novos produtores, copia do impreso de cambio de titularidade da explotación.

f) No caso de que explotacións asociativas, segundo a definición do artigo 2 desta orde:

-Certificación do secretario, do número de socios, persoas fiscais que formaban parte dela o 31 de marzo de 2004.

-No caso de sociedades civís, laborais ou mercantís, os estatutos ou escritura de constitución na que se conteña o seu obxecto, así como a documentación xustificativa de que máis do 50% do capital social pertence a socios que sexan agricultores profesionais.

Artigo 7º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

1. Sen prexuízo do disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, as solicitudes de axudas previstas nesta orde presentaranse na oficina agraria comarcal correspondente ao ámbito territorial no que estea situada a explotación.

2. O prazo de presentación das solicitudes empezará o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 15 de maio de 2004.

3. De acordo co establecido no artigo 13 do Regulamento (CE) 2419/2001, a presentación das solicitudes de axuda fóra do prazo sinalado no punto anterior dará lugar a unha redución do 1 por cento por día hábil de atraso, dos importes aos que o produtor tería dereito no caso de presentación no prazo previsto, agás nos casos de forza maior.

4. No caso de atraso superior a 25 días naturais a solicitude considerarase inadmitida.

5. As solicitudes de axuda poderán ser corrixiadas ou retiradas en calquera momento posterior á súa presentación, salvo que o FOGGA teña informado o produtor da existencia de irregularidades na súa solicitude de axuda ou avisado da intención de efectuar un control sobre o terreo ou, efectuado este, se puxera de manifesto a existencia de irregularidades.

### Capítulo III Condicionabilidade

Artigo 8º.-Requisitos agroambientais.

1. O produtor que solicita as axudas recollidas nesta orde deberá observar os seguintes requisitos agroambientais das axudas directas establecidas para as actividades gandeiras:

a) Cumprir as normas establecidas nos programas obrigatorios de vixilancia e erradicación das enfermidades do gando.

b) Dispor, nas instalacións ou edificacións de explotación permanente, de esterqueiras impermeabi-

lizadas natural ou artificialmente, cun sistema de recollida de escorrentías e con capacidade suficiente de almacenamento en función da xestión prevista ou, no seu defecto, utilizar un sistema de almacenamento e recollida que en todo caso evite o risco de filtración e contaminación de augas superficiais e subterráneas.

c) Retirar os animais mortos na explotación de acordo coa normativa vixente.

d) Non queimar os pastos, excepto cando esta práctica se realice en condicións controladas por razóns de prevención de incendios, logo de autorización expresa por parte da Consellería de Medio Ambiente.

2. Sen prexuízo doutras reducións e exclusións derivadas da aplicación dos sistemas integrados de xestión e control de determinados réximes de axudas e da disposición adicional terceira desta orde, o incumprimento dalgún dos requisitos establecidos no punto anterior dará lugar a unha redución do importe total dos pagamentos concedidos ao produtor correspondente á solicitude presentada en 2004.

3. A porcentaxe que se aplicará calcularase en función do número de requisitos agroambientais incumpridos, conforme a seguinte escala:

<u>Nº de requisitos incumpridos</u>	<u>Redución da axuda (%)</u>
1	5
2	10
3 ou máis	20

Nos casos en que a práctica inadecuada provoque un grave risco ou dano sanitario ou agroambiental aplicarase directamente unha porcentaxe de redución do 20%.

4. O FOGGA realizará os controis administrativos e sobre o terreo para comprobar o cumprimento dos requisitos ambientais sinalados no punto 1, sen prexuízo das actividades de inspección e supervisión técnica dos órganos das consellerías de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e de Medio Ambiente, no ámbito das súas respectivas competencias.

Os órganos competentes destas consellerías que detecten o incumprimento dos requisitos agroambientais nas explotacións agrarias, así como calquera autoridade que, no exercicio das súas competencias, detecte algunha das prácticas inadecuadas, deberá comunicarllo ao FOGGA, como responsable da xestión das axudas directas da PAC.

5. Os importes retidos conforme o sinalado anteriormente, deberán utilizarse como financiamento comunitario adicional dalgunha das medidas indicadas no punto 2º do artigo 5 do Regulamento (CE) 1259/1999, preferentemente en axudas agroambientais e indemnización compensatoria, con especial incidencia, se é o caso, nas zonas de Rede Natura 2000, como máis tardar antes de que finalice o terceiro exercicio seguinte a aquel no que foron retidos.

Estes importes retidos manteranse na conta específica habilitada para o efecto polo FOGGA.

#### Capítulo IV Controis

Artigo 9º.-Sistema integrado de xestión e control.

1. O produtor que solicite as axudas establecidas nesta orde deberá aterse ao disposto no Regulamento (CE) 2419/2001, da Comisión, do 11 de decembro de 2001, polo que se establecen disposicións de aplicación do sistema integrado de xestión e control de determinados réximes de axuda comunitaria, introducido polo Regulamento (CEE) 3508/1992 do Consello, do 27 de novembro de 1992.

Artigo 10º.-Controis previos á concesión das axudas.

1. As oficinas agrarias comarcais remitirán as solicitudes e documentación complementaria aos servizos provinciais do FOGGA que recibirán os expedientes e os someterán aos controis administrativos e sobre o terreo co obxectivo de comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 3º.

2. Os controis sobre o terreo realizaranse, alomenos, sobre o 2 por cento das solicitudes recibidas. Este control basearase especialmente na contabilidade do produtor e documentación existente na explotación.

Artigo 11º.-Plan de control.

1. No marco do plan nacional de control sobre o terreo desta axuda establecido polo Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), o FOGGA elaborará un plan de control sobre o terreo para a Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O FOGGA poderá realizar os controis sobre o terreo da axuda directa a produtores do sector lácteo simultaneamente cos demais controis establecidos na normativa comunitaria.

Artigo 12º.-Incumprimentos.

Non se concederá a axuda solicitada cando, como consecuencia dos controis administrativos ou sobre o terreo se comprobe que o solicitante non cumpre as condicións para a concesión da prima establecida no artigo 3º, incluídos os compromisos de reinicio da actividade.

Ademais, cando se comprobe que estes incumprimentos derivan de irregularidades cometidas intencionalmente, unha cantidade igual á que chegase a percibir deducirase dos pagamentos de axudas en virtude de calquera dos réximes de axuda que figuran na alínea 1 do artigo 1 do Regulamento (CEE) 3508/1992 ou con cargo ao réxime do pagamento único e outros réximes de axuda establecidos nos capítulos III e IV do Regulamento 1782/2003 que o produtor puidese recibir no ano seguinte.

#### Capítulo V Resolución e pagamento

Artigo 13º.-Resolución e pagamento das axudas.

1. Unha vez realizados os controis administrativos e sobre o terreo establecidos no artigo 11º e esta-

blecido, de ser o caso, pola ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación o coeficiente redutor indicado no artigo 4º.3, o director xeral do FOGGA establecerá para cada solicitude o importe da axuda para percibir.

Ao mesmo tempo determinará as solicitudes de axuda que, polas causas previstas nos regulamentos de aplicación, especialmente os que se refiren o sistema integrado de xestión e control, perdan o dereito á obtención da axuda.

2. As axudas aboaranse a partir do 1 de decembro de 2004 e antes do 30 de xuño de 2005.

Artigo 14º.-Modificación da resolución.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 15º.-Recursos administrativos.

Contra a resolución do director do FOGGA caberá a interposición do recurso de alzada ante o presidente do dito organismo, no prazo dun mes contado dende a notificación da resolución contra a que se vai recorrer.

Artigo 16º.-Recuperación dos pagamentos indebidos.

1. No caso de pagamento indebido, o produtor quedará obrigado a reembolsar ese importe máis os xuros calculados de acordo co punto seguinte.

2. Os xuros calcularanse en función do tempo transcorrido entre a notificación da obriga de reembolso ou a dedución.

O tipo de xuro aplicable será o establecido anualmente nos orzamentos xerais do estado para cada exercicio para o xuro de demora.

3. A obriga de reembolso establecida no punto 1 non se aplicará se o pagamento é froito dun erro da administración xestora ou doutra autoridade e non podía ser razoablemente detectado polo produtor.

Sen embargo, cando o erro estea relacionado con elementos factuais pertinentes para o cálculo do pagamento correspondente, o punto primeiro só se aplicará se a decisión de recuperación non se comunicou nun prazo de 12 meses a partir do pagamento.

4. O disposto no punto anterior non se aplicará aos anticipos.

Artigo 17º.-Obriga de facilitar información.

Ademais da documentación complementaria que, durante a tramitación do procedemento, lle poidan exixir os órganos competentes para a xestión das axudas previstas nesta orde, os solicitantes destas axudas teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida polo Servizo de Auditoría Interna do organismo pagador, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de

Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas, así como a que lles sexa solicitada por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

Artigo 18º.-Financiamento.

A concesión destas axudas realizarase con cargo ao orzamento de gastos do FOGGA na aplicación orzamentaria 09.60.614A.779.1 por un importe de 22.000.000 de euros, podendo incrementarse con fondos FEOGA-Garantía mediante a tramitación do oportuno expediente de xeración e ampliación de crédito, no caso de que a cantidade consignada non resulte suficiente.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-Equivalencias normativas.

Na aplicación do artigo 33 do Regulamento (CE) 2419/2001, relativo ao incumprimento intencional, a alusión ao termo superficie deberase entender como cota dispoñible na explotación.

Igualmente, as alusións a calquera dos réximes de axuda establecidos na alínea 1 do artigo 1 do Regulamento (CEE) 3508/1992, recollidas no artigo 33 do Regulamento 2419/2001, e artigo 31.2º do Regulamento 2237/2004, deberanse entender feitas ao réxime de pagamento único e outros réximes de axuda establecidos nos capítulos III e IV do Regulamento 1782/2003 cando estes réximes empecen a ser aplicados.

Segunda.-Ás oficinas agrarias comarcais corresponderalles a tramitación das axudas referidas ás explotacións agrarias situadas no seu ámbito de actuación.

Terceira.-Sen prexuízo do previsto nos capítulos III e IV desta orde, seralle de aplicación aos beneficiarios das axudas reguladas nesta, o réxime de infraccións e sancións previsto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, conforme a redacción dada pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director do Fondo Galego de Garantía Agraria, no ámbito das súas competencias, para ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento e a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2004.

Juan Miguel Diz Guedes  
Conselleiro de Política Agroalimentaria  
e Desenvolvemento Rural

ANEXO I (ANVERSO DA SOLICITUDE)



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE**  
**POLÍTICA AGROALIMENTARIA**  
**E DESENVOLVEMENTO RURAL**



**UNIÓN**  
**EUROPEA**  
**—**  
**FEOGA**



ANO 2004

NÚMERO DE EXPEDIENTE
----------------------

PROCEDEMENTO <b>SOLICITUDE DE AXUDAS DIRECTAS COMUNITARIAS A PRODUTORES NO SECTOR LÁCTEO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>AG239I</b>
---	---

O produtor de leite que ten os datos identificativos, bancarios e das unidades de produción que se indican a continuación

**DATOS DO PRODUTOR**

APELIDOS E NOME / DENOMINACIÓN			NIF OU CIF
DATA DE NACEMENTO	ENDEREZO	LOCALIDADE	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL / PROVINCIA	TELÉFONO	
CÓNXUXE OU REPRESENTANTE			NIF CÓNXUXE/REPRESENTANTE

**DATOS PARA O PAGAMENTO (CÓDIGO CONTA CLIENTE -20 DÍXITOS-)**

NOME DO BANCO	SUCURSAL		
ENTIDADE	SUCURSAL	DC	NÚMERO DE CONTA

**EXPLOTACIÓN**

COD. SIMOGAN	PROVINCIA	CONCELLO	ENDEREZO	CENSO VACÚN	
				FEMIAS LEITE > 24 MESES	TOTAL

**DECLARA:**

- Que coñece as condicións establecidas pola Unión Europea, o Estado Español e na Orde da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural do \_\_\_\_\_ pola que se regula a solicitude de determinadas axudas directas comunitarias a produtores do sector lácteo.
- Que ten realizado entregas de leite ou vendas directas de leite ou produtos lácteos no período que vai do 1 de abril de 2003 ao 31 de marzo de 2004.
- No caso de non ter entregas no período 2003-2004:
  - Que foi debido a un caso de forza maior, ou excepcionalmente polo que presenta o xustificante correspondente.
  - Que proseguíu a produción antes do 15 de maio de 2004, presentando xustificante de entregas ou vendas directas realizadas.
- Que se trata dunha explotación asociativa segundo o artigo 2 do RD 347/2003 con \_\_\_\_\_ socios persoas físicas, das que \_\_\_\_\_ teñen de 18 a 40 anos e con actividade agraria.
- Que non presentou ningunha outra solicitude polo mesmo concepto na mesma campaña.
- Que todos os datos indicados son verdadeiros.
- Que os datos da súa explotación e dos seus animais corresponden cos contidos na base de datos informatizada, ou no caso contrario, comprométese a comunicar á Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria a rectificación.
- Que coñece e dá a súa conformidade para que os datos persoais contidos nesta solicitude sexan incluídos en ficheiros informatizados e utilizados de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE 298 do 14/12/1999).

**AUTORIZA:**  SI,  NON o Fondo Galego de Garantía Agraria para que, conforme o disposto no artigo 2.4 da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999 solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda a información a que se refire o artigo 78.4.c da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación coas súas obrigas tributarias.

**SOLICITA:**

- Que lle sexa concedida a prima láctea establecida no artigo 95 do Regulamento (CE) 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro por un total de \_\_\_\_\_ Kg de cota láctea dispoñible o 31 de marzo de 2004.
- Que lle sexan concedidos os pagamentos adicionais previstos no artigo 96 do Regulamento (CE) 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, que lle correspondan de acordo coa orde da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural do \_\_\_\_ de abril de 2004.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2004

Fdo.:

Director do Fondo Galego de Garantía Agraria

## (REVERSO DA SOLICITUDE)

## DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- FOTOCOPIA DO CIF OU DNI DO SOLICITANTE. NO CASO DE QUE O DNI NON LEVE A LETRA DO NIF, SERÁ NECESARIO PRESENTAR, ADEMÁIS, FOTOCOPIA DO NIF.
- CERTIFICADO DA ENTIDADE FINANCEIRA ACREDITATIVO DO CÓDIGO CONTA-CLIENTE DE TITULARIDADE DO SOLICITANTE, PARA A TRANSFERENCIA DAS AXUDAS, OU SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA NO IMPRESO INDICATIVO DA CONTA BANCARIA PARA OS MESMOS EFECTOS DE ACREDITACIÓN, NO CASO DE MODIFICAR OS DATOS DA PRESOLICITUDE OU DE UTILIZAR SOLICITUDE NOVA.
- DOCUMENTO DE AUTORIZACIÓN DE SINATURA DA SOLICITUDE SE NON É O TITULAR QUEN A ASINA E PRESENTA.
- ADEMAIS, CANDO NA SOLICITUDE NON SE AUTORICE O FOGGA PARA SOLICITAR Á AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA (AEAT) E Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA, A EXPEDICIÓN DOS CERTIFICADOS DE ESTAR AO DÍAS DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E DE NON TER PENDENTE DE PAGAMENTO NINGUNHA DÉBEDA, POR NINGÚN CONCEPTO, COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DESTA COMUNIDADE AUTÓNOMA, DEBERÁ ACHEGAR POR SI MESMO AS DITAS CERTIFICACIÓNS XUNTO COA SOLICITUDE, AGÁS NO CASO DE QUE O IMPORTE DA AXUDA NON EXCEDA DE 1.500 €.
- NO CASO DE NOVOS PRODUTORES, COPIA DO IMPRESO DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA EXPLOTACIÓN .  
NO CASO DE EXPLOTACIÓNS ASOCIATIVAS SEGUNDO A DEFINICIÓN DO ARTIGO 2 DO REAL DECRETO 347/2003:
  - CERTIFICACIÓN DO SECRETARIO DO Nº DE SOCIOS PERSOAS FÍSICAS QUE FORMABAN PARTE DELA O 31 DE MARZO DE 2004.  
ADEMAIS, NO CASO DE SOCIEDADES CIVÍLS, LABORAIS OU MERCANTÍLS:
    - ESTATUTOS OU ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN NA QUE CONTEÑA O SEU OBXECTO.
    - DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE QUE MAIS DO 50% DO CAPITAL SOCIAL PERTENCE A SOCIOS QUE SEXAN AGRICULTORES PROFESIONAIS.

### CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

*Resolución do 16 de marzo de 2004, da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, pola que se inscribe o Monasterio de Benedictinas de Santa María de Carbajal no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago.*

Examinada a solicitude de inscrición no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago, presentada polo Monasterio de Benedictinas de Santa María de Carbajal, do 26 de febreiro de 2004.

Visto o Decreto 45/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia do Camiño de Santiago, modificado en parte polo Decreto 209/2002, do 13 de xuño.

Visto igualmente o informe da Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago, emitido de acordo co artigo 23 do mencionado decreto.

Considerando que a solicitude presentada cumpre as normas establecidas no decreto de referencia,

#### RESOLVO:

Que o Monasterio de Benedictinas de Santa María de Carbajal quede inscrito no Rexistro de Entidades

de Promoción do Camiño de Santiago co número 154.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2004.

Andrés González Murga  
Secretario xeral da Consellería de Cultura,  
Comunicación Social e Turismo

### CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

*Resolución do 29 de marzo de 2004, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da revisión salarial para o ano 2003 do convenio colectivo do sector de construción.*

Visto o expediente da revisión salarial para o ano 2003 do convenio colectivo do sector de construción, que tivo entrada nesta delegación provincial o día 10-3-2004, suscrito en representación da parte económica por APECCO e da parte social por UGT, CC.OO. e CIG o día 9-3-2004, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de tra-

ballo, e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

**ACORDA:**

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 29 de marzo de 2004.

Luis Alberto Álvarez Freijido  
Delegado provincial da Coruña

Acta nº 2. Convenio construción-provincia da Coruña.

Asistentes:

Por APECCO:

Antonio Fernández Durán.

Ignacio Tuñón Gurrea.

Antonio Fernández Chao (asesor).

Miguel García Eiroa (secretario).

Por UGT:

José Carlos Rodríguez del Río.

Manuel Martínez Arnos.

Jesús M<sup>a</sup> Calvo Romero.

Por CC.OO.:

Santiago Huertas Pozurama.

Por CIG:

Victorino Ares Prado.

Na cidade da Coruña o 9 de marzo de 2004, ás 17.00 horas, reúnenos nos locais de APECCO, os que arriba se relacionan, para continuar coas negociacións do convenio de construción de 2004.

Aberta a sesión e despois dunha ampla deliberación chégase ao seguinte acordo:

\* Apróbase a táboa salarial regularizada o 31-12-2003, que se xunta á presente acta como anexo e a cal servirá como base para as táboas do ano 2004.

Así mesmo, facúltase a Miguel García Eiroa, secretario, para a presentación do acordo mencionado ante a Delegación Provincial de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia, para efectos da súa homologación e posterior publicación no BOP e no *Diario Oficial de Galicia*.

E en proba de conformidade, asíñase esta acta no lugar e data máis arriba indicados.

Convenio provincial de edificación e obras públicas da Coruña

Táboa de retribucións (actualizada)  
Vixencia: do 1-1-2003 ao 31-12-2003

Niveis	Categorías	Salario		Complemento (por día efectivo de traballo)		Gratificacións		Vacacións	Total anual	Valor hora extra
		Día	Mes	Asistencia	Distancia e transporte	Xullo	Nadal			
II	Titulado superior	45,55	1.366,49	5,93	5,81	1.844,33	1.844,33	1.844,33	23.405,46	15,64
III	Titulado medio, xefe admvo. 1ª, xefe secc. org. 1ª	36,30	1.088,99	5,93	4,72	1.494,01	1.494,01	1.494,01	19.038,22	12,75
IV	Xefe de persoal, axte. de obra, encargado xral. de fábrica, encargado xeral	34,71	1.041,16	5,93	4,54	1.433,51	1.433,51	1.433,51	18.287,03	12,28
V	Xefe administrativo de 2ª, delineante superior, encargado xeral de obra, xefes de sección de organización científica do traballo de 2ª, xefes de compras	31,62	948,69	5,93	4,16	1.316,75	1.316,75	1.316,75	16.827,62	11,38
VI	Ofic. admvo. de 1ª, delineante de 1ª, xefe ou encargado de taller, encargado de sección de laboratorio, escultor de pedra e mármore, práctico de topografía de 1ª, técnico de organización, encargado de obra	26,96	808,91	5,93	3,64	1.140,62	1.140,62	1.140,62	14.635,81	9,95
VII	Delineante de 2ª, técnico de organización de 2ª, práctico de topografía de 2ª, analista de 1ª, viaxante, especialista de oficio, capataz	23,96	718,76	5,93	3,61	1.038,98	1.038,98	1.038,98	13.232,35	9,12
VIII	Oficial admvo. 2ª, corredor de praza, inspector de control, sinalización e servizos, analista de 2ª, oficial de 1ª de oficio	23,45	703,53	5,93	3,54	1.016,84	1.016,84	1.016,84	12.980,54	8,99
IX	Auxiliar admvo., axte. topográfico, aux. organiz., vendedor, conserxe, oficial 2ª de oficio	22,94	688,09	5,93	3,47	997,70	997,70	997,70	12.735,37	8,85
X	Auxiliar de laboratorio, vixilante, almacenheiro, enfermeiro, cobrador, garda xurado, especialista de 1ª, axudante de oficio	22,22		5,93	3,38	965,82	965,82	965,82	12.380,05	8,65
XI	Especialista de 2ª, peón especial	22,07		5,93	3,36	960,77	960,77	960,77	12.310,27	8,65
XII	Limpadora, peón ordinario	21,63		5,93	3,29	943,27	943,27	943,27	12.095,04	8,36
XIII	Mozo dos recados e pinches de 16 a 18 anos	17,88		4,33	2,66	764,83	764,83	764,83	9.815,10	0,00

Nota: as categorías que se indican, cunha antigüidade na empresa anterior ao 1-6-1992, rexeranse para efectos económicos polos seguintes niveis: nivel VII: oficial 2ª administrativo; nivel VIII: aux. técnico e administrativo; nivel IX: listeiro.

Para as categorías cuxos devengos son mensuais, o salario multiplícase por 30 días e os complementos de asistencia, transporte e distancia por 22 días.

A retribución do traballador en prácticas durante o primeiro ano de vixencia será do 60% e para ao segundo ano do 75% desta táboa.

*Resolución do 29 de marzo de 2004, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da revisión salarial para o ano 2003 do convenio colectivo do sector de comerciantes por xunto de froitas varias, hortalizas e plátanos.*

Visto o expediente da revisión salarial para o ano 2003 do convenio colectivo do sector de comerciantes por xunto de froitas varias, hortalizas e plátanos, que tivo entrada nesta delegación provincial o día 17-3-2004, e subscrito pola comisión paritaria do convenio o día 17-3-2004, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e no Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, esta delegación provincial

#### ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, existente nesta delegación provincial e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 29 de marzo de 2004.

Luis Alberto Álvarez Freijido  
Delegado provincial da Coruña

Acta da comisión paritaria do convenio de comercio por xunto de froitas varias, hortalizas e plátanos

#### Asistentes:

-Pola parte empresarial:  
Víctor Dopico.  
Emilio Novoa Losada.  
José Bermúdez Casais.  
Rafael Berdia.

-Pola parte social:  
Olga Montes (CC.OO.).  
Juan Esparza (CC.OO.).  
Juan Fco. Cousillas (asesor CC.OO.).

Na Coruña o 17 de marzo de 2004, sendo as 19.00 horas, reúnenos nos locais da asociación empresarial as partes que arriba se relacionan, na representación que teñen atribuída, e que compoñen a comisión paritaria do convenio colectivo provincial do comer-

cio por xunto de froitas varias, hortalizas e plátanos, co obxectivo da actualización de salarios como consecuencia da desviación do IPC do ano 2003.

Para tal efecto constatan:

1º Que o artigo 22 do convenio colectivo establece para o ano 2003 que «En caso de que o IPC o 31 de decembro de 2003 sexa superior a 2 puntos, regularízanse os salarios no dito exceso. O cálculo efectuarase sobre os salarios vixentes o 31 de decembro de 2002 e con efectos do 1 de xaneiro de 2003».

2º Que o IPC do período 1-1-2002 a 31-12-2003 é do 2,6%.

En virtude de todo o anterior acordan:

Primeiro.-Proceder á revisión das táboas do ano 2003, conforme o exceso do IPC real do ano 2003 sobre o 2002; este diferencial ascende 0,6%.

Segundo.-A revisión realízase conforme o pactado no artigo 22 do convenio colectivo.

Terceiro.-O complemento de transporte e as axudas de custo pasan a ter a seguinte contía:

Complemento de transporte: 44,84 euros.

Axudas de custo:

-Xantar: 8,61 euros.

-Xantar e cea: 13,11 euros.

-Xantar, cea e durmida: 20,65 euros.

Cuarto.-Acórdase remitir esta acta xunto coas táboas salariais anexas á autoridade laboral, para que proceda a dar trámite aos actos relativos ao rexistro, depósito e publicación. Para tal efecto autorízase Juan Francisco Cousillas Mosquera para que dilixencie ante a autoridade laboral tales trámites.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20.00 horas, fécchase a reunión e asinan a acta todos os asistentes en proba de conformidade.

#### ANEXO I

Táboas salariais do convenio de froitas varias, hortalizas e plátanos. Ano 2003. Actualizadas 3,1%

Categoría profesional	Salario mensual	Antigüidade cuatrienio	Salario anual
Director comercial	684,59	23,4	10.268,85
Encargado xeral	684,59	23,4	10.268,85
Oficial administrativo	639,91	23,4	9.598,65
Administrativo	620,37	23,4	9.305,55
Auxiliar administrativo	612,46	23,4	9.186,90
Auxiliar administrativo menor 18	534,04	23,4	8.010,60
Dependente	620,37	23,4	9.305,55
Axudante	612,46	23,4	9.186,90
Chofer	620,37	23,4	9.305,55
Chofer repartidor	620,37	23,4	9.305,55
Mecánico	620,37	23,4	9.305,55
Axudante mecánico	603,81	23,4	9.057,15
Mozo especialista	615,88	23,4	9.238,20

Categoría profesional	Salario mensual	Antigüidade cuadrienio	Salario anual
Mozo	603,81	23,4	9.057,15
Axudante menor 18	534,04	23,4	8.010,60
Vixilante, sereno, ordenanza	603,81	23,4	9.057,15
Persoal de limpeza	603,81	23,4	9.057,15

## ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE

*Resolución do 13 de abril de 2004 pola que se convocan cinco xornadas prácticas na loita contra incendios.*

Dentro do programa de actividades que a Academia Galega de Seguridade ten previsto realizar no ano 2004, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 4/1992, do 9 de abril, de creación da Academia Galega de Seguridade, anúnciase a celebración de cinco xornadas prácticas na loita contra incendios, que deberán desenvolverse conforme as seguintes bases:

### Primeira.-Obxectivos.

Xornadas de actualización e reciclaxe na loita contra os incendios, para aqueles voluntarios que teñen certa experiencia neste punto, poñendo ao día os coñecementos e habilidades precisas para actuar de maneira correcta ante os eventos producidos polo lume.

### Segunda.-Destinatarios.

Voluntarios de protección civil que teñan realizado o curso básico de protección civil e o curso de 2º nivel sobre loita contra incendios urbanos e forestais.

### Terceira.-Desenvolvemento.

1. Prazas: o número de prazas ofertadas é de 20 para cada xornada.

2. Duración e datas: cada unha das xornadas terá unha duración dun día, en horario de 9.30 a 14.00 horas e de 16.00 a 20.00 horas e desenvolveranse os días 31 de maio e 1, 2, 3 e 4 de xuño de 2004, respectivamente.

3. Lugar: as xornadas realizaranse na sede da Academia Galega de Seguridade no concello da Estrada.

4. Aqueles voluntarios seleccionados que teñan roupa axeitada para a realización das prácticas poderán vir provistos dela, de non ser así prestaráselle equipo para o efecto.

### Cuarta.-Solicitudes e prazo de inscrición.

1. A inscrición dos participantes é totalmente gratuíta.

2. O persoal que desexe participar nunha destas xornadas deberá presentar, cuberta á máquina ou con letra moi clara, a instancia que figura no anexo.

3. O prazo para a presentación de instancias rematará o día 20 de maio de 2004.

4. As instancias deberán vir asinadas polo presidente da agrupación ao que estea adscrito e seladas, e no caso de haber máis dunha solicitude da mesma entidade, relacionalas en orde prioritaria. Este será requisito indispensable para ser admitido no curso.

5. As instancias deberán enviarse por correo, fax, etc. á sede da Academia Galega de Seguridade: avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, nº fax: 986 59 09 88 ou ben poden entregarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### Quinta.-Contido.

Nelas trataranse os seguintes temas:

1. Equipos protección térmica.
  2. Extinción incendios clase A-B.
  3. Manexo de equipos ERA.
  4. Rede contra incendios.
- a) Conexión/desconexión; tendido/pregado.

b) Construción de liñas de extinción con mangueiras de diferentes tipos e diámetros, liñas de distribución, protección e ventilación. Montaxe de diferentes sistemas de xeración de espuma. Manexo de diferentes clases de espumóxeno asesorando das súas vantaxes e inconvenientes.

c) Prácticas estáticas con presión de auga, adestrando na composición de equipos de extinción.

### Sexta.-Relación de admitidos.

A relación de participantes admitidos para a realización de cada unha das xornadas exporase no taboleiro de anuncios da Academia Galega de Seguridade, sen prexuízo da oportuna notificación aos seleccionados con antelación á celebración desta. Tamén poden confirmar a súa admisión chamando ao teléfono 986 59 00 21.

### Sétima.-Certificado de asistencia.

Ao remate da xornada entregaráselles un certificado de asistencia a aquelas persoas que acrediten a súa asistencia continuada a ela.

### Oitava.-Modificacións.

A Academia Galega de Seguridade poderá modificar o desenvolvemento da xornada para adaptala ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

A Estrada, 13 de abril de 2004.

Juan José Fariñas-Ferro Rodríguez  
Director xeral da Academia Galega de Seguridade

<i>ANEXO</i>	
<b>XORNADAS PRÁCTICAS NA LOITA CONTRA INCENDIOS</b>	
Resolución: 13 de abril de 2004	
<b>1. SOLICITANTE</b>	
Apelidos: .....	Nome: ..... DNI: .....
Data de nacemento: .....	Teléfono/s de contacto: .....
Enderezo particular: .....	
Rúa: .....	Concello: ..... Provincia: .....
<b>2. DATOS PROFESIONAIS</b>	
Agrupación/Concello/Entidade: .....	
Categoría ou posto desempeñado: .....	
Titulación académica: .....	
Cursos realizados da AGS:	
Curso: .....	Ano: ..... Curso: ..... Ano: .....
Curso: .....	Ano: ..... Curso: ..... Ano: .....
Curso: .....	Ano: ..... Curso: ..... Ano: .....
<b>3. OUTROS DATOS REQUIRIDOS POLA CONVOCATORIA:</b>	
<b>4. DECLARACIÓN</b>	
Declaro, pola miña honra:	
Que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude e que cumpro cos requisitos exixidos na convocatoria, das cales xunto fotocopias.	
..... de ..... de 200 .....	
Sinatura do/da solicitante: .....	
<b>5.- CERTIFICADO DO RESPONSABLE DE PERSOAL:</b>	
Certifico que a persoa solicitante pertence a esta entidade e desempeña o cargo mencionado:	
Sinatura do responsable de persoal e selo da entidade,	
Lugar e data: .....	Asdo.: .....
<b>6. SELECCIÓN</b>	
Vista a solicitude presentada polo/a interesado/a, a Academia Galega de Seguridade resolveu	
<input type="checkbox"/> seleccionalo/a <input type="checkbox"/> non seleccionalo/a	
Sinatura e selo do órgano seleccionador:	
Lugar e data: .....	Asdo.: .....
Director xeral da Academia Galega de Seguridade.	

## ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Resolución do 19 de abril de 2004 pola que se anuncian os actos en conmemoración do Día das Letras Galegas.*

En execución do Plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o ano 2004, a EGAP anuncia a celebración dos actos en conmemoración do Día das Letras Galegas conforme as seguintes bases:

### 1. Obxectivos.

Con motivo de declarar a Real Academia Galega o Día das Letras Galegas de 2004 dedicado a Xaquín Lorenzo Fernández, a EGAP súmase, como institución pública galega, á homenaxe deste galego insigne, ao organizar unha mesa redonda sobre a súa vida e obra. Esta acción formativa completárase cunha viaxe de interese cultural.

### 2. Destinatarios.

Na mesa redonda poderá participar o persoal das administracións públicas e calquera outra persoa interesada. Á viaxe cultural terá acceso só o persoal ao servizo de calquera das administracións públicas de Galicia (ata 40 prazas); no caso de presentárense máis solicitudes que prazas terá preferencia o per-

soal da Xunta de Galicia. A inscrición na viaxe implica a obrigatoriedade de asistir á mesa redonda.

### 3. Desenvolvemento.

#### 3.1. Mesa redonda:

-Data: 11 de maio.

-Hora: de 13.00 h a 14.30 h.

-Lugar: EGAP.

#### 3.2. Viaxe cultural:

-Data: 17 de maio.

Para coñecer o desenvolvemento da viaxe e para todo tipo de información, prérgase contactar co Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións. Teléfono 981 54 62 49.

### 4. Inscrición.

As solicitudes, segundo o modelo oficial que figura ao final desta convocatoria, irán dirixidas ao director da Escola Galega de Administración Pública, rúa de Madrid, 2-4, 15707 Santiago de Compostela, e presentaranse no rexistro xeral da EGAP, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Admitiranse tamén inscricións por telefax: 981 54 63 30.

As solicitudes deberán entrar no rexistro da EGAP antes das 10.00 h do día 10 de maio.

5. Publicación e notificación da selección.

A confirmación da súa selección poderá obterse chamando por teléfono á EGAP os días laborables de 12.00 a 14.00 h ao número 981 54 62 49 ou

ben consultando a lista de seleccionados que se exporá no taboleiro de anuncios deste centro.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2004.

Domingo Bello Janeiro

Director da Escola Galega de Administración Pública

ANEXO  
FOLLA DE INSCRICIÓN

1. SOLICITANTE			
Apeleiros		DNI/num	
Nome		Teléfono	
Localidade		CP	
Enderezo particular, rúa, etc.		Provincia	

2. DATOS PROFESIONAIS			
Posto de traballo		Nivel (2)	
Corno ou escala (1)		CP	
Entidade na que presta servizos			
Enderezo do posto de traballo, rúa		Provincia	
Localidade		CP	
Teléfono		Correo electrónico	
Fax			

3. ACTIVIDADE SOLICITADA	
Solicita:	
<input type="checkbox"/>	asistir á mesa redonda sobre Xaquín Lorenzo Fernández o día 11 de maio de 2004 na EGAP.
<input type="checkbox"/>	participar na viaxe cultural o día 17 de maio.
Sinatura	
_____ de _____ de 2004	

(1 e 2): Cubriñ soamente no caso de ser funcionario

Director da EGAP. Rúa de Madrid, 2-4. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)

*Resolución do 20 de abril de 2004 pola que se convoca unha xornada sobre a necesidade de protección ante os malos tratos ás persoas maiores.*

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para 2004 e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócase unha xornada sobre a necesidade de protección ante os malos tratos ás persoas maiores, conforme as seguintes bases:

1. Obxectivos.

A cuestión do maltrato ás persoas maiores estase analizando na actualidade dunha maneira moi fragmentada, pero hai que ter claro no contexto xeral no que se pode incardinar e os niveis sociolóxico e legal existentes. As situacións de maltrato teñen, en xeral, moita relación cos contextos familiares en que se realizan ou se estimulan, pero non é o único nivel en que estes se producen. O que maltrata faino moitas veces sen ter referente fixo, pero instintivamente estimulado pola fragilidade do receptor do maltrato, constituíndo o grupo das persoas maiores

un dos colectivos máis susceptibles de ser vítimas destes.

Como o maltrato afecta tanto os danos físicos, psíquicos ou económicos, preténdese coas presentes xornadas presentar un abano de posibilidades onde os malos tratos se poden producir.

2. Contido.

Trataranse estes temas:

- A protección legislativa das persoas maiores.
- O maltrato ás persoas maiores: a tipificación do contrato de alimentos.
- A capacidade de obrar e o ámbito da saúde.
- A especial protección das persoas maiores como consumidores.
- As persoas maiores en situación de dependencia.

3. Destinatarios.

Personal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

4. Desenvolvemento.

-Horario: mañá e tarde.

-Lugar e datas: a xornada convocada desenvolverase no salón de actos do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Ferrol (praza Camilo José Cela, s/n, da citada cidade), o día 5 de maio de 2004.

#### 5. Inscripción.

-Prazo: remata o martes, día 4 de maio de 2004.

-Tramitación de solicitudes: as solicitudes irán dirixidas ao director da Escola Galega de Administración Pública, polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, 2-4, 15707 Santiago de Compostela, segundo o modelo que figura como anexo a esta convocatoria, e presentaranse no rexistro xeral da EGAP ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Admitiranse tamén inscricións por telefax: 981 54 63 30.

-Número de prazas: limitado á capacidade do local.

-Inscrición fóra de prazo: só se admitirán, de quedaren prazas baleiras, coa condición de que se cumpran os requisitos xerais antes indicados.

Os peticionarios poderán obter confirmación da súa posible admisión, chamando por teléfono, o día 4 de maio, de 8.30 a 14.30 horas, aos seguintes números: 981 54 62 39/44 ou 981 54 60 40.

#### 6. Modificacións.

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que puidesen xurdir no desenvolvemento das xornadas, así como o de cancelalas, se o escaso número de solicitudes non xustificase a súa realización.

#### 7. Certificación de asistencia.

Entregaráselles, ao remate desta xornada, a aquelas persoas inscritas que concorresen asiduamente a elas, cando a súa asistencia sexa igual ou superior ao 85% das horas lectivas programadas, e expresarse, neste documento, a natureza da actividade e as datas da súa realización.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2004.

Domingo Bello Janeiro  
Director da Escola Galega  
de Administración Pública

### ANEXO

#### FOLLA DE INSCRICIÓN

<b>1. SOLICITANTE</b>	
Apelidos	DNI
Nome	
Enderezo particular: rúa, etc.	Tfno.
Nº	Provincia
Localidade	CP
<b>2. DATOS PROFESIONAIS</b>	
Posto de traballo/profesión	Nivel (2)
Corpo, subgrupo ou escala (1)	
Entidade na que presta servizos: (3)	
Enderezo do posto de traballo: rúa	Tfno.
Nº	Provincia
Localidade	CP
	Telefax
<b>3. ACTIVIDADE SOLICITADA</b>	
Solicita asistir á Xornada sobre a necesidade de protección ante os malos tratos ás persoas maiores, que terá lugar no salón de actos do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Ferrol (Praza Camilo José Cela, s/n, da citada cidade) o día 5 de maio de 2004.	
Sinatura,	
	..... de ..... de 2004

(1), (2) e (3): Cubrir soamente no caso de ser funcionario.

DIRECTOR DA EGAP: Polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, 2-4, 15707. Santiago de Compostela (A Coruña)

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Resolución do 19 de abril de 2004, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fan públicas as listas definitivas para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo reservados a persoal funcionario, reguladas no Decreto 217/2003, do 11 de abril, correspondentes ao corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia (grupo B), escala técnica de inspección turística, de conformidade co establecido nas resolucións do 11 de novembro de 2003 e do 10 de marzo de 2004.*

Rematado o prazo fixado pola resolución da Dirección Xeral da Función Pública do 10 de marzo de 2004 (DOG nº 52, do 15 de marzo ) pola que se fan públicas as listas para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo reservados a persoal funcionario, reguladas polo Decreto 217/2003, do 11 de abril, correspondentes ao corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia (grupo B), escala técnica de inspección turística, constatada a existencia dalgúns erros materiais e vistas as alegacións formuladas polos interesados pola Comisión Permanente Central de Selección de Persoal Funcionario, na correspondente sesión, unha vez elevada a oportuna proposta, esta dirección xeral

#### RESOLVE:

Primeiro.-Facer pública a lista definitiva para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo reservados ao persoal funcionario, correspondentes ao corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia (grupo B), escala técnica de inspección turística. A listaxe está exposta na forma que seguidamente se indica:

-Solicitantes admitidos na listaxe con indicación da puntuación.

-Solicitantes excluídos con expresión da causa de exclusión.

Segundo.-A citada listaxe atópase exposta nos taboleiros de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, nos das súas delegacións provinciais e nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia. Así mesmo, os ditos datos poderán consultarse na páxina oficial da internet da Xunta de Galicia ([www.xunta.es](http://www.xunta.es)).

Terceiro.-As listas entrarán en vigor a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, quedando desde ese momento sen efecto as listas elaboradas conforme os decretos 89/1997, do 10 de abril, e 70/2000,

do 31 de marzo, correspondentes ao corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia (grupo B), escala técnica de inspección turística.

Cuarto.-Os solicitantes excluídos, de ser o caso, disporán do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, para solicitar a devolución das taxas por dereitos de inscrición, debendo consignar o nome e apelidos, NIF, número da conta bancaria (vinte díxitos) e localidade desta, achegando, así mesmo, copia cotexada do modelo de autoliquidación da taxa de autoliquidación.

Quinto.-De conformidade co establecido no punto 3.3 da base 3ª da Resolución do 11 de novembro de 2003 (DOG nº 224, do 18 de novembro), desde o día seguinte ao da publicación no DOG do anuncio de exposición das listas definitivas desta convocatoria quedará permanentemente aberto o prazo para a presentación de novas solicitudes segundo o establecido nos artigos 3 e 8.4º do Decreto 217/2003, do 11 de abril.

Sexto.-Contra esta resolución poderán os interesados interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2004.

Belén Prado Sanjurjo  
Directora xeral da Función Pública

*Resolución do 19 de abril de 2004, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fan públicas as listas para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo reservados a persoal funcionario, reguladas polo Decreto 217/2003, do 11 de abril, correspondentes ao corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala superior de estatísticos, no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia (grupo B), escala técnica de estatísticos, no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de enxeñeiros agrónomos e no corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia (grupo D), escala de axentes forestais, de conformidade co establecido na Resolución do 11 de novembro de 2003.*

Rematado o prazo fixado pola Resolución da Dirección Xeral da Función Pública do 11 de novembro de 2003 (DOG nº 224, do 18 de novembro), de presentación de solicitudes para a elaboración de diversas listas reguladas polo Decreto 217/2003, do 11 de abril, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio

de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, e á vista das solicitudes presentadas para o corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala superior de estatísticos, no corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia (grupo B), escala técnica de estatísticos, no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de enxeñeiros agrónomos e no corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia (grupo D), escala de axentes forestais, e unha vez baremadas e elaboradas pola Comisión Permanente Central as listas nas correspondentes sesións, a Dirección Xeral da Función Pública

**RESOLVE:**

Primeiro.-Facer pública as listas provisionais para a cobertura, con carácter temporal, de postos de traballo reservados a persoal funcionario correspondentes ao corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala superior de estatísticos, no corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia (grupo B), escala técnica de estatísticos, no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de enxeñeiros agrónomos e no corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia (grupo D), escala de axentes forestais. As listas están expostas na forma que seguidamente se indica:

-Solicitantes admitidos na lista con indicación da puntuación.

-Solicitantes excluídos con expresión da causa de exclusión.

Segundo.-As citadas listas atópanse expostas nos taboleiros de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, nos das súas delegacións provinciais e nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia. Así mesmo, os ditos datos poderán consultarse na páxina oficial da internet da Xunta de Galicia.

Terceiro.-De conformidade co disposto no artigo 8.4º do Decreto 217/2003, do 11 de abril, os interesados disporán dun prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, para a emenda de erros e, se é o caso, para formular as oportunas alegacións, que irán dirixidas á Comisión Permanente Central de Selección de Persoal Funcionario (Dirección Xeral da Función Pública, Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, edificio administrativo de San Caetano, s/n, Santiago de Compostela).

Unha vez transcorrido o prazo citado con anterioridade, se é o caso, levaranse a efecto as emendas procedentes, dándosele a oportuna publicidade.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2004.

Belén Prado Sanjurjo  
Directora xeral da Función Pública

**V. ADMINISTRACIÓN  
DE XUSTIZA**

**XULGADO DO SOCIAL NÚMERO  
TRES DE OVIEDO**

*Edicto (25/2004).*

Luis de Santos González, secretario xudicial do Xulgado do Social número tres de Oviedo, fago saber que no procedemento execución 25/2004 que se segue neste xulgado do social, por instancia da *Fundación Laboral da Construción do Principado de Asturias* contra Américo Sousa Martíns, sobre ordinario, se ditou resolución cuxa parte dispositiva ten o teor literal seguinte:

«En atención ao exposto, acórdase:

Declarar Américo Sousa Martíns en estado legal de insolvencia provisoria para responder do importe de cento noventa e nove euros con oitenta céntimos (199,80 euros), insolvencia que se entenderá, para todos os efectos, como provisoria, e arquivar as actuacións despois da anotación no libro correspondente, sen prexuízo de continuar a execución se no sucesivo se coñeceren novos bens do executado.

Notifíquese esta resolución ás partes e advértase que contra ela cabe recurso de reposición no prazo de cinco días hábiles perante este xulgado.

Así, por esta resolución, acórdao, mándao e asínoa María de la Paz Fernández Fernández, maxistrada-xuíza do Xulgado do Social número tres de Oviedo, de todo o que eu, o secretario xudicial, dou fe».

E para que sirva de notificación en legal forma a Américo Sousa Martíns, en ignorado paradoiro, expido este edicto para, se for o caso, ser publicado nos boletíns oficiais correspondentes e ser fixado no taboleiro de anuncios do xulgado, advertindo ao destinatario de que non se lle practicarán máis notificacións que as de resolucións que poñan fin ao proceso.

En Oviedo, 23 de marzo de 2004.

O secretario xudicial  
Rubricado

**XULGADO DO SOCIAL  
NÚMERO CATRO DE SANTANDER**

*Edicto (36/2004).*

Natalia Arévalo Balaguer, secretaria xudicial do Xulgado do Social número catro de Santander, fago saber que no procedemento execución 36/2004 deste xulgado do social, seguido por instancia de Guillermo Quevedo Mendoza contra a empresa *Inversiones Convergentes, S.L., Seguranza Norte, S.L.*,

*Seguranza y Sistemas de Seguridad, S.L., Inversiones y Seguridad 2001, S.L.*, sobre despedimento, se ditou o seguinte:

«En atención ao exposto, acórdase:

a) Declarar o executado *Inversiones Convergentes, S.L., Seguranza Norte, S.L., Seguranza y Sistemas de Seguridad, S.L., Inversiones y Seguridad 2001, S.L.* en situación de insolvencia total con carácter provisorio polo importe de 12.494,65 euros, insolvencia que se entenderá, para todos os efectos, como provisoria.

b) Arquivar as actuacións despois da anotación no libro correspondente e sen prexuízo de continuar a execución se no sucesivo se coñeceren novos bens do executado.

Notifíquese esta resolución ás partes e ao Fondo de Garantía Salarial, advertíndose que contra ela cabe recurso de reposición no prazo de tres días hábiles perante este xulgado. E unha vez firme, fágase entrega de certificación á parte executante para que produza efectos perante o Fondo de Garantía Salarial.

O que propono a S.S<sup>a</sup>. para a súa conformidade».

E para que sirva de notificación en legal forma a *Inversiones Convergentes, S.L., Seguranza Norte, S.L., Seguranza y Sistemas de Seguridad, S.L., Inversiones y Seguridad 2001, S.L.*, en ignorado paradoiro, expido este edicto para a súa inserción no BOP.

En Santander, 23 de marzo de 2004.

Advírtese ao destinatario que as seguintes comunicacións se farán nos estrados deste xulgado, salvo as que revistan forma de auto ou sentenza ou que se trate de emprazamento.

O secretario xudicial  
Rubricado

## VI. ANUNCIOS

### a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Resolución do 19 de abril de 2004 pola que se convoca concurso, polo procedemento aberto, para a contratación do servizo de apoio técnico-funcional á explotación do sistema de xestión de procedementos administrativos da Xunta de Galicia.*

1. Obxecto: contratación do servizo de apoio técnico-funcional á explotación do sistema de xestión

de procedementos administrativos da Xunta de Galicia.

2. Orzamento de licitación: 867.060 €, IVE incluído, dividido en dúas anualidades, das cales 578.040 € corresponden á anualidade 2004 e 289.020 € con cargo ao ano 2005.

3. Prazo de execución: contado desde o asinamento do contrato ata o 30 de abril de 2005.

4. Documentos de interese para os licitadores: a documentación poderá examinarse na Dirección Xeral de Organización e Sistemas Informáticos da Consellería da Presidencia Relacións Institucionais e Administración Pública, os días e horas hábiles de oficina, durante o prazo de presentación de proposicións, sita na Casa da Radio, s/n., San Caetano, en Santiago de Compostela.

As copias da documentación poderán solicitarse en *Tórculo Artes Gráficas, S.A.L.*; r/ praza de Mazarelos 14, 15703, Santiago de Compostela. Teléfono: 981 58 54 55, mediante o aboamento do importe que corresponda.

Así mesmo, tamén se poderán obter os pregos relativos a esta contratación no enderezo da internet: <http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=3713>

5. Fianza provisional: 2% do orzamento de licitación (17.341,20 €)

6. Fianza definitiva: 4% do orzamento de adxudicación.

7. Modelo de proposición: o que figura como anexo ao prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Prazo de presentación de proposicións: as proposicións terán que presentarse, en sobre pechado, no rexistro xeral da Xunta de Galicia, sito na planta baixa do edificio administrativo central do complexo administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela, ou por correo, da forma indicada no artigo 100 do Regulamento xeral de contratación do Estado. O prazo de admisión de proposicións rematará ás catorce horas do día 28 de maio de 2004.

No exterior dos sobres expresarase o seguinte texto:

«Proposición para tomar parte no concurso convocado pola Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública da Xunta de Galicia para a contratación do servizo de apoio técnico-funcional á explotación do sistema de xestión de procedementos administrativos da Xunta de Galicia, que presenta D./Dona... en nome... (propio ou da entidade que representa)».

9. Apertura de proposicións: en acto público, na sala de xuntas da Dirección Xeral de Organización e Sistemas Informáticos, a partir das 13.00 horas do día 8 de xuño de 2004.

O importe do anuncio relativo a este concurso será por conta do adxudicatario, que deberá aboalo con anterioridade ao asinamento do contrato.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2004.

P.D. (Orde 18-12-2001)

Pablo Figueroa Dorrego

Secretario xeral da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

*Anuncio do 16 de marzo de 2004, do recadador de zona da Coruña, polo que se relacionan dilixencias de embargo pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan (Fraga Aneiros, Pilar e dous máis).*

O recadador da Comunidade Autónoma de Galicia, titular de zona da Coruña, por medio deste anuncio comunica que se seguen neste órgano de recadación procedementos administrativos de constrinximento contra os debedores que se sinalan na relación que se xunta, segundo establece o artigo 110 do Regulamento xeral de recadación. Nos devanditos expedientes practicouse dilixencia de embargo sobre os bens que aparecen como propiedade dos debedores; dilixencia que non lles puido ser notificada aos interesados malia os intentos feitos neste sentido. A referencia da dilixencia é a que se sinala no anexo.

Dos embargos que se citan tomarase nota no rexistro que corresponda, a favor da Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 105 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, modificado polo artigo 28 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, emprázanse os interesados, ou os seus representantes, para seren notificados por comparecencia.

A comparecencia deberá efectuarse ante o órgano de recadación (Zona de Recadación da Coruña, r/ Comandante Fontanes 17, 1º A) no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

A Coruña, 16 de marzo de 2004.

Nazario Villalva

Recadador de zona da Coruña

### ANEXO

Interesado	NIF	Data dilixencia	Descrición do ben
Fraga Aneiros, Pilar	32650769-S	4-3-2004	Vehículo matrícula C-5354-BT
José Ramón Abelenda, S.L.	B15360985	4-3-2004	Vehículo matrícula C-1142-AZ
Recreativos Astray, S.L.	B15108186	16-3-2004	Embargo avais 1596/86; 404/90

*Anuncio do 17 de marzo de 2004, do recadador de zona de Lugo, polo que se relacionan procedementos de constrinximento pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan (Agencia Artística Unirdel, S.L. e trinta e sete máis).*

De conformidade co disposto no artigo 105 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, modificado polo artigo 28 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, relaciónanse procedementos de constrinximento pendentes de notificar, despois de intentada a notificación persoal por dúas veces, e emprázanse os interesados que se sinalan no anexo para seren notificados por comparecencia.

A comparecencia deberá efectuarse perante o órgano de tramitación (zona de recadación de Lugo; rúa Conde 30, Lugo) no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio.

Transcorrido o prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Lugo, 17 de marzo de 2004.

Roberto Vázquez Feroso

Recadador de zona de Lugo

### ANEXO

Providencia	Interesado	NIF	Obxecto da débeda
04270027080	Agencia Artística Unirdel, S.L.	B27242569	Exp: 2003/27/000/02035 Liq:000030021547
04320027350	Alcunaven, S.L.	B27246057	Exp: 2003/32/000/01519 Liq:000030021779
04320027349	Alcunaven, S.L.	B27246057	Exp: 2003/32/000/01520 Liq:000030021781
04270026585	Arias Rodríguez, Venancio	33834157f	Exp: 2003/27/000/02101 Liq:000030022237
04270026761	Automoción Lucense, S.A.	A27003243	Exp: 2002/27/000/08463 Liq:620021009020
04270025540	Basanta Andrés, Nazaret	33545413m	Liq: 2701200203936
04270027036	Carreira Varela, Jesús Manuel	33843216g	Exp: 2003/27/000/01941 Liq:000030020342
04270025518	Carreiras Ramos, María Erenza	34637704a	Liq: 2706200300282
04270025562	Castro Toro, Jonhy Alexander	X2098275p	Liq: 2701200300287
04270026190	Club Náutico Burela	G27194968	Liq: 03/392
04270027091	Construcciones Tallón y Sobrado	B27255561	Exp: 2003/27/000/02038 Liq:000030021550
04270025529	Díaz Díaz, Carlos	34246080t	Liq: 2707200300157

Providencia	Interesado	NIF	Obxecto da débeda
04270026541	Fernández Dacal, Alberto	34260687w	Exp: 2001/27/000/01140 Liq:002010033029
04540033278	Fernández González, José Luis	34251074a	Liq: 3601200201499
04270026794	Fernández Hermida, Eduardo	33341349c	Exp: 2002/27/000/01628 Liq:620011020075
00270168690	Fundación San Calixto de Lugo	G27170083	Trans. Exp:1998/09638
04270027179	López González, Luz	33536259m	Exp: 2003/27/000/02089 Liq:000030022221
04540033289	López Ramos, Cristina	33340527a	Liq: 3601200201417
04270026464	Loredo Vidal, Plácido	77596216n	Exp: 2002/27/000/02073 Liq:000030022143
04270026563	Losada Barea, Roberto	34271918d	Exp: 2003/27/000/02073 Liq:000030022143
04150024967	Losada Fernández, Ana María	33339711s	Exp: 1994/15/000/01063 Liq:002940008440
04150024978	Losada Fernández, María Teresa	33328466v	Exp: 1994/15/000/S-1063/94 Liq:
04270026772	Master Móvil, S.L.	B27139005	Exp: 2002/27/000/08055 Liq:620021015268
04270025595	Pena Rodríguez, Borja	52886627j	Liq: 2701200300285
04270026706	Pérez Abuín, María Cristina	33344134e	Exp: 2003/27/000/03175 Liq:600031010101
04270026827	Ramos Castro, Iván	33345450g	Exp: 2003/27/000/03956 Liq:600031039264
04270026244	Rodríguez García, Luis Fernando	33304069t	Liq: 03/431
04270026266	Rodríguez García, Luis Fernando	33304069t	Liq: 03/432
04270025628	Rodríguez López, Manuel	33343517a	Liq: 2706200300284
04270026233	Sercomper, S.L.	B27257260	Liq: 03/452
04270026222	Sercomper, S.L.	B27257260	Liq: 03/451
04270026299	Sercomper, S.L.	B27257260	Liq: 03/454
04270026277	Sercomper, S.L.	B27257260	Liq: 03/455
04270026288	Sercomper, S.L.	B27257260	Liq: 03/453
04150024990	Soto Páramo, Carlos	33537174t	Exp: 2002/15/000/15209 Liq:620011024663
04270027102	Sufuentes y Asociados, S.L.	B27256940	Exp: 2003/27/000/01798 Liq:000030018751
04270026850	Trabado Otero, Alfredo	33306065h	Exp: 2003/27/000/04560 Liq:600031040453
04270026629	Varela González, María Josefina	33803443k	Exp: 2003/27/000/00792 Liq:002030024177

*Anuncio do 23 de marzo de 2004, do recadador de zona da Coruña, polo que se relacionan dilixencias de embargo pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan (González Gude, Balbina e seis máis).*

O recadador da Comunidade Autónoma de Galicia, titular de zona da Coruña, por medio deste anuncio comunica que se seguen neste órgano de recadación procedementos administrativos de constrinximento contra os debedores que se sinalan na relación que se xunta, segundo establece o artigo 110 do Regulamento xeral de recadación. Nos devanditos expedientes practicouse dilixencia de embargo sobre os bens que aparecen como propiedade dos debedores; dilixencia que non lles puido ser notificada aos interesados malia os intentos feitos neste sentido. A referencia da dilixencia é a que se sinala no anexo.

Dos embargos que se citan tomarase nota no rexistro que corresponda, a favor da Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 105 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, modificado polo artigo 28 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, emprázanse os interesados, ou os seus representantes, para seren notificados por comparecencia.

A comparecencia deberá efectuarse ante o órgano de recadación (Zona de Recadación da Coruña, r/ Comandante Fontanes 17, 1º A) no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida

desde o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

A Coruña, 23 de marzo de 2004.

Nazario Villalva  
Recadador de zona da Coruña

#### ANEXO

Interesado	NIF	Data dilixencia	Descrición do ben
González Gude, Balbina	76500652-F	10-3-2004	Predio 5799; Rex. Prop. Noia
González Gude, Balbina	76500652-F	10-3-2004	Predio 6312.0; Rex. Prop. Noia
Mansilla García, José	33183725-S	22-3-2004	Notificación valoración predio 7453
Martínez Moledo, Jesús	33239533-W	18-2-2004	Notificación valoración predio 14626
Pérez Reboiras, Francisco	35395846-L	10-3-2004	Predio 5799; Rex. Prop. Noia
Pérez Reboiras, Francisco	35395846-L	10-3-2004	Predio 6312.0; Rex. Prop. Noia
Regue Norte, S.L.	B15689227	4-3-2004	Vehículo matrícula C-0976-CK

*Anuncio do 26 de marzo do 2004, da Dirección Xeral de Tributos, polo que se relacionan notificacións de posta de manifesto de actuacións de expedientes de derivación de responsabilidade pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (Jesús Amo Fernández e dous máis).*

De conformidade co disposto no artigo 105 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria,

segundo a redacción dada pola Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, relaciónanse notificacións de posta de manifesto de actuacións de expedientes de derivación de responsabilidade pendentes de notificar, despois de intentada a notificación persoal por dúas veces, e emprázanse os interesados que se sinalan no anexo para seren notificados por comparecencia.

O acto foi adoptado polo Servizo Central de Recadación da Dirección Xeral de Tributos en aplicación do artigo 22 da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes.

A comparecencia deberá efectuarse, no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, diante do Servizo Central de Recadación desta Dirección Xeral de Tributos, con enderezo en San Caetano nº 3, soto, en horario de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2004.

Joaquín Caballero Miranda  
Director xeral de Tributos

#### ANEXO

Suxeito pasivo	Responsable	Importe pendente	Zona de Recadación
Imescu, S.A. CIF: A28805018	Jesús Amo Fernández NIF: 51333323-Z	3.770,51 €	Vigo
José Poceiro García NIF: 35142598-R	Cecilia Poceiro Freijeiro NIF: 35246673-R	1.841,19 €	Pontevedra
Sicilia Mar, S.L. CIF: B36823995	Santi Barbera NIF: X-2321368-R	99,38 €	Vigo

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

*Resolución do 12 de abril de 2004, do Servizo Provincial de Estradas de Ourense, pola que se sinala a data para o levantamento das actas previas á ocupación, trámite de urxencia, para a expropiación dos bens e dereitos afectados polas obras do proxecto de trazado do enlace da estrada OU-504 co polígono industrial da Uceira (O Carballiño). (Clave OU/03/115.01).*

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu punto 2º a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para o desen-

volveramento lexislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de expropiación forzosa.

As obras indicadas no encabezamento desta resolución atópanse incluídas no programa de obras que se van realizar con cargo ao programa 413-B, construción, conservación e explotación de estradas.

Con data do 30 de outubro de 2003, procédese á aprobación do proxecto de trazado das obras de enlace da estrada OU-504 co polígono industrial da Uceira (O Carballiño) polo director xeral de Obras Públicas por delegación do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

Con data do 6 de febreiro de 2004, a Xunta de Galicia procedeu á declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para efectos de expropiación para a mencionada obra polo Decreto 38/2004, publicado no DOG nº 35, do 19 de febreiro de 2004.

Na súa virtude, e en cumprimento do disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do regulamento para a súa aplicación, este servizo, no uso das facultades que lle confire o artigo 98 da mencionada lei, resolveu convocar os titulares de bens e dereitos afectados, que figuran na relación exposta no Concello de Maside, para que comparezan no lugar, data e hora que se citan para proceder ao levantamento das actas previas á ocupación, en que se recollerán os datos necesarios para determinar os bens e dereitos afectados, o seu valor e os prexuízos derivados da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladar ao lugar dos predios se o consideran necesario.

Casa do Concello de Maside.

Data: 14 de maio de 2004.

Horario: das 9.30 horas ás 13.30 horas.

Do predio nº 1 ao predio nº 40.

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como os planos parcelarios correspondentes, estarán expostos no Concello de Maside e no Servizo Provincial de Estradas de Ourense (r/ Sáenz Díez, nº 1-1º, 32071 Ourense).

Ao dito acto deberán acudir os titulares afectados, persoalmente ou ben representados por persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, xuntando os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade e último recibo da contribución, podendo ir acompañados, se o consideran oportuno, dos seus peritos e notario.

Así mesmo, e en cumprimento do establecido no artigo 56 do regulamento da Lei de expropiación forzosa, ábrese información pública durante un prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Boletín Oficial del Estado*, ou ata o momento do levantamento das actas previas á ocupación correspondente, co fin de

que os interesados poidan formular por escrito, ante o Servizo Provincial de Estradas en Ourense, as alegacións que coiden pertinentes co obxecto de emendar posibles erros padecidos ao relacionar os bens afectados pola urxente ocupación.

Ourense, 12 de abril de 2004.

José Manuel González Sánchez

Enxeñeiro xefe do Servizo Provincial de Estradas de Ourense

*Resolución do 20 de abril de 2004, da Secretaría Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, pola que se emprazan os interesados nos recursos contencioso-administrativos 4957/2003 e dezaseis máis, interpostos contra a orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda do 29 de abril de 2003, pola que se lle outorga a aprobación definitiva ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ourense.*

Para os efectos de dar cumprimento ao solicitado polo presidente da sección segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en relación cos recursos contencioso-administrativos nº 4957/2003, interposto por Juan Díaz Ventosela e outros; nº 5125/2003 interposto por Francisco Javier Outomuro Castro; nº 5162/2003 interposto por *Seruproject, S.L.*; nº 5171/2003 interposto por *Caracochas, S.A.*; nº 5172/2003 interposto por *Atl Urbanistas, S.L.*; nº 5177/2003 interposto por Pilar Osorio Díaz; nº 5178/2003 interposto por Enrique Osorio Díaz; nº 5180/2003 interposto por Esther Álvarez Lloves; nº 5182/2003 interposto por José Elio Osorio Sánchez; nº 5183/2003 interposto por Consuelo Álvarez Lloves; nº 5207/2003 interposto pola *Asociación Ciudad de los Muchachos*; nº 5209/2003 interposto por Mercedes González Fernández e outro; nº 5270/2003 interposto por María Concepción Iglesias Varela e outros; nº 5303/2003 interposto por María Remedios Formoso Romasanta e outro; nº 5338/2003 interposto por Luis Soto Rebollo e outros; nº 5502/2003 interposto por Aurora Montero Fernández e nº 5542/2003 interposto por Celia Rodríguez Prieto, todos eles contra a orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda do 29 de abril de 2003, pola que se lle outorga a aprobación definitiva ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ourense; esta secretaría resolveu ordenar a remisión do correspondente expediente ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, emprazándoseas para que poidan comparecer como demandados nos autos no prazo de nove días, de acordo co dis-

posto no artigo 49.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2004.

José Antonio Fernández Vázquez  
Secretario xeral da Consellería de Política  
Territorial, Obras Públicas e Vivenda

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Anuncio do 16 de abril de 2004, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se lle notifica a Manuel Gómez Rodríguez acordo de incoación de expediente disciplinario.*

O 8 de marzo de 2004 o secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria acordou a incoación de expediente disciplinario a Manuel Gómez Rodríguez, mestre con destino no CPI Fonte Díaz de Touro (A Coruña). Mediante carta certificada con xustificante de recepción, intentouse a notificación do dito acordo, sen que conste a súa recepción polo interesado. En aplicación do disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992 (do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro), procede a súa notificación por medio de anuncio no taboleiro de edictos do concello do seu último domicilio coñecido e no *Diario Oficial de Galicia*. En virtude disto, reproducécese integramente, para que sirva de notificación ao interesado, o texto do acordo de incoación do expediente:

«O 5 de xaneiro de 2004 ten entrada nesta secretaría xeral un escrito da delegación provincial desta consellería na Coruña, no que se propón a apertura de expediente disciplinario a Manuel Gómez Rodríguez, mestre con destino no CPI Fonte Díaz de Touro. Esta proposta baséase no informe do 18 de decembro de 2003 do Servizo Provincial da Inspección Educativa, e xunta diversa documentación, entre outros, do equipo directivo do CPI citado.

De acordo con esa documentación, impútaselle a Manuel Gómez Rodríguez a presunta realización dos seguintes feitos: ausencia continuada e inxustificada do seu posto de traballo, o que pode constituír un abandono do servizo; grave desconsideración coas mulleres, grave atentado á dignidade da Administración e dos funcionarios, e grave perturbación do servizo.

Por todo isto, de conformidade co disposto nos artigos 16, 17, 18 e 20.1º do Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, esta secretaría xeral

### ACORDA:

1. Incoar expediente disciplinario a Manuel Gómez Rodríguez, mestre no CPI Fonte Díaz de Touro.

2. Designar instrutor do dito expediente a José M<sup>a</sup> Blanco Álvarez, da sede da Inspección Educativa de Pontevedra.

3. Designar secretaria a Rosa María Fernández Gutiérrez, auxiliar administrativa con destino no IES de Arzúa».

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2004.

Néstor Valcárcel Teijeiro  
Secretario xeral da Consellería de Educación  
e Ordenación Universitaria

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

*Acordo do 26 de marzo de 2004, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización e aprobación do proxecto de execución da instalación electromecánica que se cita. (Expediente IN661A 03/6).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico (BOE nº 285) e polo Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, sobre autorización de instalacións eléctricas (BOE nº 310) e o Decreto 302/2001, do 25 de outubro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica en Galicia (DOG nº 235), sométese a información pública a solicitude de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da instalación electromecánica que se cita:

Solicitante: *Caolines de Vimianzo, S.A.U.*

Domicilio social: lugar de Cerbán-Castrolo, nº 19, 15129 Vimianzo (A Coruña).

Denominación: parque eólico singular Caolines de Vimianzo.

Municipios afectados: Vimianzo (A Coruña).

Potencia que se vai instalar: 3 MW.

Descricións técnicas:

-2 aeroxeradores de 1.500 kW de potencia nominal unitaria montados sobre fustes tubulares metálicos de 65 m de altura e rotores de 70 m de diámetro.

-2 transformadores, situados no interior dos fustes de 1.600 kVA e tensións de 0,69/20 kV.

-Rede eléctrica subterránea de media tensión de 565 m de lonxitude, a 20 kV realizada en condutor R.H.Z.1 H-16 12/20 kV de 3×95 mm<sup>2</sup> Al, para interconexión dos aeroxeradores ata o apoio nº 1 onde pasa a aérea.

-Liña aérea a 20 kV de 686 m de lonxitude, sobre apoios metálicos e de formigón, en condutor LA-56 con inicio no apoio nº 1 e remate no centro de interconexión, para finalmente saír deste e ir conectar coa liña L.A.T. 20 kV VIM801, propiedade da empresa *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

-Centro de interconexión prefabricado de formigón para aloxamento dos aparellos de medida, protección, telemando e telecontrol.

O que faise público para coñecemento xeral e para que se poida examinar o expediente en que constan as características e afeccións derivadas do proxecto, nesta delegación provincial, sita no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071 A Coruña, e presentar alegacións no prazo de trinta días, a partir da última publicación.

A Coruña, 26 de marzo de 2004.

Jesús Espada Martínez  
Delegado provincial da Coruña

*Acordo do 13 de abril de 2004, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 01/570).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), sobre autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de declaración de utilidade pública da instalación eléctrica que se describe:

Solicitante: *Hidroeléctrica del Arnoia, S.L.*

Domicilio social: r/ Cantón Grande, nº 6-6º A, 15003 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S. de interconexión C.H. del Xallas.

Situación: Negreira.

Descricións técnicas: L.M.T. subterránea, a 20 kV, baixo tubo e con condutor R.H.Z.1 de 12/20 kV de 3(1×150) mm<sup>2</sup> Al, de 134 m de lonxitude, co orixe na cela da central hidroeléctrica do arroio Xallas e final no apoio para paso aéreo-subterráneo que se vai instalar na liña de *Unión Fenosa Distribución, S.A.*-Negreira.

A instalación eléctrica foi autorizada por resolución da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas con data do 11 de novembro de 2002.

O que se fai público para coñecemento xeral e especialmente dos propietarios e demais titulares afectados, que se insiren no anexo deste acordo, así como das persoas que sendo titulares de dereitos reais ou económicos sobre bens afectados fosen omitidos, para que poidan examinar o expediente no que constan as características e afeccións derivadas do proxecto nesta delegación provincial, sita no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071 A Coruña, e presentar as alegacións no prazo de trinta días, a partir da publicación.

A Coruña, 13 de abril de 2004.

Jesús Espada Martínez  
Delegado provincial da Coruña

## Relación de bens e dereitos afectados

Expediente: 570/2001.

Liña subterránea a 20 kV de interconexión da Central Hidroeléctrica do río Xallas.

Titular	Nº de predio	Servidume de voo (m <sup>2</sup> )	Servidume de gabia (m <sup>2</sup> )	Pleno dominio (m <sup>2</sup> )	Apoio nº
Virtudes Mayo Mayo	358	3,5	77,7	-	-
José Ramón Lourido Carou	359	-	201,7	-	-
Francisco e Peregrina Roo Cernadas	360	-	121,2	-	-
María García Pensado	361	165,5	10,9	4	1
Edilia Roo Hombre	394	-	664,16	-	-

*Resolución do 5 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 03/709-4).*

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a continuación se cita:

Solicitante: *Sociedad Electricista de Tui, S.A.*

Domicilio social: Coruña, 20, 36700 Tui.

Denominación: L.M.T., C.T., R.B.T. edif. Beira-Miño.

Situación: concello de Tui.

Descricións técnicas: L.M.T. subterránea a 20 kV con condutor R.H.V. de 231 m de lonxitude, con orixe no C.T. Cristo e remate no C.T. que se proxecta, de 400 kVA R.T. 20 kV/420-240 V, situado no edificio Beira-Miño sito na rúa Martínez Padín de Tui. R.B.T. subterránea de 20 m de lonxitude con orixe no C.T. proxectado.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta delegación provincial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

O prazo de posta en marcha da instalación, de acordo co artigo 132 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, será de doce meses, a partir da recepción desta resolución. Para efectos

da posible solicitude de prórroga, o peticionario deberá ter en conta o disposto no capítulo IV do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo.

Contra esta resolución pódese interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Innovación, Industria e Comercio no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación. Tamén se pode interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Pontevedra, 5 de marzo de 2004.

Carmen Bianchi Valcarce  
Delegada provincial de Pontevedra

*Resolución do 10 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se realiza a publicidade do Acordo do 29 de outubro de 2003, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, no que se formula a declaración de impacto ambiental do proxecto de explotación para granito ornamental da concesión de explotación derivada do permiso de investigación Carballeda 2590.*

Visto o artigo 4.º do Decreto 442/1990, do 13 de setembro (DOG nº 188, do 25 de setembro), de avaliación de impacto ambiental para Galicia, a delegada provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio de Pontevedra

**RESOLVE:**

Darlle publicidade, mediante a presente publicación, ao acordo do 29-10-2003, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, polo que se formula a declaración de impacto ambiental do proxecto de explotación para granito ornamental da concesión de explotación derivada do permiso de investigación denominada Carballeda nº 2590, sita en terreos do termo municipal de Lalín, na provincia de Pontevedra, promovido por *Maceiras Filloy, S.L.*

A mencionada declaración refírese, en exclusiva, a unha superficie de 2,72 ha, dentro do espazo solicitado para a concesión de 4 cuadrículas mineiras, comprendidas entre os paralelos 42º 43' 40", 42º 43' 00", norte, e polos meridianos 8º 03' 00", 8º 03' 40" oeste, e foi incorporada ao expediente da concesión Carballeda nº 2590, encontrándose á disposición de calquera interesado nesta delegación provincial.

Pontevedra, 10 de marzo de 2004.

Carmen Bianchi Valcarce  
Delegada provincial de Pontevedra

*Resolución do 10 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 04/19-2, 6113 A.T.).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: BEGASA.

Domicilio social: Cidade de Viveiro, 4, 27002 Lugo.

Denominación: desvío inst. eléct. afectadas por obras en CP Lea-Suegos (p.k. 2,500 a 4,100).

Situación: Pol.

Descricións técnicas: desvío de instalacións eléctricas existentes propiedade de barras eléctricas como consecuencia das obras denominadas acondicionamento da estrada provincial Lea-Suegos (p.k. 2,500 a 4,100) dependente da Deputación Provincial de Lugo. As liñas de baixa tensión estarán executadas en condutor R.Z. sobre apoios de formigón.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións, nesta delegación provincial, no prazo de vinte días.

Lugo, 10 de marzo de 2004.

Jesús Bendaña Suárez  
Delegado provincial de Lugo

*Resolución do 10 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 04/20-2, 6115 A.T.).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no Real decreto 1955/2000, do 1

de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: BEGASA.

Domicilio social: Cidade de Viveiro, 4, 27002 Lugo.

Denominación: acondicionamento do C.T. Beiramar (1451) e R.B.T.S. r/ Castelao.

Situación: Burela.

Descricións técnicas:

-Substitución da máquina transformadora de potencia 250 kVA por unha nova de potencia 630 kVA e igual relación de transformación.

-Substitución de fusibles existentes en cela de protección de trafo por fusibles novos de intensidade nominal de 40 A.

-Instalación de fusibles de protección de intensidade nominal 315 A no cadro de baixa tensión existente para protección de novas saídas de baixa tensión que se proxectan.

-R.B.T. subterránea baixo tubo con orixe en C.T. edificio Beiramar de lonxitude 285 m, formada por 2 circuitos.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións, nesta delegación provincial, no prazo de vinte días.

Lugo, 10 de marzo de 2004.

Jesús Bendaña Suárez  
Delegado provincial de Lugo

*Resolución do 10 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 04/21-2, 6131 A.T.).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: BEGASA.

Domicilio social: Cidade de Viveiro, 4, 27002 Lugo.

Denominación: L.M.T.S. subterráneas saídas de subestación de Burela.

Situación: Burela.

Descricións técnicas: L.M.T. a 20 kV, en condutor R.H.Z. 1-3 (1×240 mm<sup>2</sup>) Al, 12/20 kV, en canalización subterránea. A L.M.T. subterránea proxectada cunha lonxitude de 1.288 m está composta por 6 tubos de diámetro 160 mm e un tubo de diámetro 63 mm de polipropileno expandido de alta densidade, embutidos en formigón, e con arquetas nos vértices da canalización. Esta discorre pola estrada de acceso a Vilar, a cal é propiedade do Concello de Burela.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións, nesta delegación provincial, no prazo de vinte días.

Lugo, 10 de marzo de 2004.

Jesús Bendaña Suárez  
Delegado provincial de Lugo

*Resolución do 10 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 04/22-2, 6088 A.T.).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: BEGASA.

Domicilio social: Cidade de Viveiro, 4, 27002 Lugo.

Denominación: L.M.T.S. subterráneas saídas de subestación de Burela-tramo 1.

Situación: Burela.

Descricións técnicas:

-L.M.T. subterránea a 20 kV, en condutor R.H.Z. 1-3 (1×240 mm<sup>2</sup>) Al, 12/20 kV, en canalización subterránea.

-A L.M.T. subterránea proxectada cunha lonxitude de 1.315 m está dividida en tres zonas: a primeira sae da subestación de Burela ata a N-642, esta zona está composta por nove tubos de polietileno de 160 mm e un tubo de 63 mm, esta canalización discorre por camiños de accesos aos montes próximos. A segunda, consiste en cruzar en subterráneo a N-642 coa mesma disposición de tubos que a da primeira zona. A terceira zona que empeza unha vez cruzada a estrada está formada por tres tubos de 160 mm un tubo de 63 mm embutidos en formigón e con arquetas nos vértices da canalización.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións, nesta delegación provincial, no prazo de vinte días.

Lugo, 10 de marzo de 2004.

Jesús Bendaña Suárez  
Delegado provincial de Lugo

*Resolución do 10 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 04/23-2, 6126 A.T.).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: BEGASA.

Domicilio social: Cidade de Viveiro, 4, 27002 Lugo.

Denominación: R.B.T. subterránea para edificio en avenida Xeneralísimo, nº 25.

Situación: Meira.

Descricións técnicas: R.B.T. subterránea con orixe no C.T. Lourido e final no edificio do solicitante, cunha lonxitude de 57 m, en condutor R.V. (3×150+95) aloxado en canalización subterránea baixo tubo de polietileno de diámetro 160 mm.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións, nesta delegación provincial, no prazo de vinte días.

Lugo, 10 de marzo de 2004.

Jesús Bendaña Suárez  
Delegado provincial de Lugo

*Resolución do 10 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 04/24-2, 6117 A.T.).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a infor-

mación pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: BEGASA.

Domicilio social: Cidade de Viveiro, 4, 27002 Lugo.

Denominación: L.M.T., C.T. e R.B.T. en edificio sindicatos.

Situación: Lugo.

Descricións técnicas:

-L.M.T. subterránea con orixe no C.T. Castelar B e final no C.T. proxectado sindicatos en canalización baixo tubo e condutor R.H.Z. 1-3 (1×240) mm<sup>2</sup> Al.

-C.T. sindicatos instalado nos baixos do edificio, ademais instálanse unha cela de entrada, outra de saída e unha de protección do transformador do tipo SF6.

-R.B.T. en condutor R.V (3×240 UNIP+150) aloxado en canalización subterránea baixo tubo de polietileno de diámetro 125 mm a cal discorre pola rúa Castelao, cunha lonxitude aproximada de 90 m.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións, nesta delegación provincial, no prazo de vinte días.

Lugo, 10 de marzo de 2004.

Jesús Bendaña Suárez  
Delegado provincial de Lugo

*Resolución do 11 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 04/25-2, 6157 A.T.).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: BEGASA.

Domicilio social: Cidade de Viveiro, 4, 27002 Lugo.

Denominación: telecontrol de rede M.T. e C.T.S. en Lugo.

Situación: Lugo.

Descricións técnicas: trátase do telemando de cinco C.T. denominados Pío XII, Praza de Abastos, Ronda da Muralla, 197, Seminario Menor R.T.R. e Luis Ameijide. Neste último lévase a cabo unha pequena obra civil consistente en reparar e pintar os paramentos do local así como a construción dun foso para a recollida de aceites.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións, nesta delegación provincial, no prazo de vinte días.

Lugo, 11 de marzo de 2004.

Jesús Bendaña Suárez  
Delegado provincial de Lugo

*Resolución do 16 de marzo de 2004, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se reduce a autorización da empresa Ingeniería de Gestión Industrial, S.L. (Ingein, S.L.) como organismo de control autorizado na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Examinado o escrito presentado por Ana Cupeiro Arrojo, en calidade de representante de *Ingeniería de Gestión Industrial, S.L. (Ingein, S.L.)*, con CIF B13102009 e con domicilio social en Parque Tecnológico de Boecillo, Edificio Centro 109-113, 47151 Boecillo (Valladolid), mediante o que solicita redución da autorización como organismo de control autorizado na Comunidade Autónoma de Galicia, no campo regulamentario de instalacións e aparellos para combustibles gasosos, resultan os seguintes

Antecedentes de feito.

Primeiro.-*Ingeniería de Gestión Industrial, S.L. (Ingein, S.L.)* está acreditada por ENAC con número de acreditación 81/EI138, conforme os criterios recollidos na norma UNE-EN 45004:1995, para a realización de inspeccións nos campos e segundo os documentos normativos especificados no anexo técnico rev. 1, de data 12/09/2003, da acreditación de ENAC correspondente.

Segundo.-Con data 5 de marzo de 2004, Ana Cupeiro Arrojo, en nome e representación de *Ingeniería de Gestión Industrial, S.L. (Ingein, S.L.)*, presentou un escrito mediante o que, ao abeiro do Decreto 426/2001, do 15 de novembro, polo que se regulan os organismos de control en materia de seguridade industrial e control regulamentario e se crea a Comisión de Coordinación de Seguridade Industrial de Galicia, solicitaba redución da autorización como organismo de control autorizado na Comunidade Autónoma de Galicia, no campo regulamentario de instalacións e aparellos para combustibles gasosos.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-Esta dirección xeral é competente para resolver este expediente con base no Decreto 223/2003, do 11 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial, e no Decreto 426/2001, do 15 de novembro, polo que se regulan os organismos de control en materia de seguridade industrial e control regu-

lamentario e se crea a Comisión de Coordinación de Seguridade Industrial de Galicia.

Segundo.-Na tramitación deste expediente cumpríronse todos os requisitos regulamentarios.

A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, de acordo con todo o que antecede e no exercicio das competencias que ten atribuídas,

**RESOLVE:**

Primeiro.-Reducir a autorización de *Ingeniería de Gestión Industrial, S.L. (Ingein, S.L.)* como organismo de control autorizado na Comunidade Autónoma de Galicia, para as actividades de inspección indicadas e comprendidas nos campos regulamentarios que se relacionan deseguido:

Instalacións e aparellos para combustibles gasosos.

Segundo.-Esta resolución pode ser suspendida ou revogada, ademais de nos casos recollidos na lexislación vixente, cando o sexa a citada acreditación de ENAC, e queda supeditada ao cumprimento das seguintes condicións:

1ª Calquera ampliación dos campos regulamentarios de actuación ou dos documentos normativos correspondentes deberá seguir os trámites establecidos nos artigos 4, 5 e 7 do Decreto 426/2001 para a súa autorización.

2ª *Ingeniería de Gestión Industrial, S.L. (Ingein, S.L.)* deberá cumprir o establecido na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria e no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, no que sexa de aplicación.

3ª *Ingeniería de Gestión Industrial, S.L. (Ingein, S.L.)* deberá cumprir nas súas actuacións na Comunidade Autónoma de Galicia os requisitos establecidos no Decreto 426/2001, do 15 de novembro.

Notifíquesele esta resolución ao interesado facendo constar que poderá interpor recurso de alzada no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de notificación, ante o conselleiro de Innovación, Industria e Comercio, de acordo co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2004.

Ramón Ordás Badía

Director xeral de Industria, Enerxía e Minas

*Resolución do 16 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se fai público o outorgamento do permiso de investigación denominado Fillaboa 2754.1.*

A Delegación Provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio de Pontevedra fai saber

que, por Resolución do 3 de novembro de 2003, se lle outorgou a *Explotaciones Fillaboa, S.L.* o permiso de investigación denominado Fillaboa nº 2754.1, de seis cuadrículas mineiras para a investigación do cuarzo en forma de canto rodado, que se sitúa nos termos municipais de Tui e Salvaterra de Miño, da provincia de Pontevedra, sendo as súas coordenadas xeográficas as seguintes:

<u>Vértices</u>	<u>Lonxitude</u>	<u>Latitude</u>
1	8º 35' 20"	42º 03' 00"
2	8º 34' 20"	42º 03' 00"
3	8º 34' 20"	42º 03' 40"
4	8º 35' 20"	42º 03' 40"

O que se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 101 do Regulamento xeral para o réxime da minería do 25 de agosto de 1978.

Pontevedra, 16 de marzo de 2004.

Carmen Bianchi Valcarce  
Delegada provincial de Pontevedra

*Resolución do 25 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 04/29-2, 6154 A.T.).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Electra de Viesgo Distribución, S.L.*

Domicilio social: Rúa Medio, 12, 39003 Santander.

Denominación: ampliación do parque de 132 kV na subestación eléctrica de Setepontes.

Situación: Vilalba.

Descricións técnicas:

-Dous transformadores de potencia trifásicos, denominados trafo 1 de relación 132/20 kV e potencia de 18,75 MVA (Onan) e 25 MVA (Onaf) e trafo 2, de relación 132/20 kV de potencia 25 MVA (Onan) e 30 MVA (Onaf).

-Unha posición de liña denominada liña Carba 132 kV.

-Dúas posicións de primario de transformador (R-1) e (T-2).

-Novas posicións de control e proteccións.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alega-

cións, nesta delegación provincial no prazo de vinte días.

Lugo, 25 de marzo de 2004.

Jesús Bendaña Suárez  
Delegado provincial de Lugo

*Resolución do 26 de marzo de 2004, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se autorizan as instalacións electromecánicas, se aproba o proxecto de execución e se reconece a condición de instalación acollida ao réxime especial do parque eólico singular denominado Inditex. (Expediente IN661A-12/02).*

Examinado o expediente instruído por pedimento de *Industria de Diseño Textil (Inditex), S.A.*, con enderezo para efectos de notificacións en Polígono Industrial de Sabón, parcela 79, 15.142. Arteixo (A Coruña) sobre autorización de instalacións do parque eólico singular denominado Inditex; resultan os seguintes

Antecedentes de feito.

Primeiro.-Con data 30 de xaneiro de 2003, a Delegación Provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio na Coruña, autoriza a instalación en baixa tensión para abastecemento da planta de *Confecciones Fíos, S.A.* dun aeroxerador modelo Gamesa G58 de 850 kW.

Segundo.-Con data 1 de xullo de 2003 foi publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 126, a Resolución do 17 de xuño de 2003, da Dirección Xeral de Calidad e Avaliación Ambiental, pola que se fai público o Acordo do 28 de febreiro de 2003 sobre a avaliación ambiental do proxecto de instalación en baixa tensión para autoabastecemento en *Confecciones Fíos, S.A.*, no concello de Arteixo (A Coruña).

Terceiro.-Con data 16 de outubro de 2003 a empresa *Confecciones Fíos, S.A.* cede a titularidade do aeroxerador a *Inditex, S.A.*

Cuarto.-No *Diario Oficial de Galicia* nº 147, do 31 de xullo de 2003, publícase a Resolución do 14 de xullo de 2003 da Consellería de Innovación, Industria e Comercio pola que se publica a relación de solicitudes de autorizacións de parques eólicos singulares admitidas a trámite ao abeiro da Orde do 29 de outubro de 2002 (*Diario Oficial de Galicia* nº 216, do 8 de novembro), dentro das cales se atopa o parque eólico singular de Inditex.

Quinto.-O 31 de outubro de 2003, Antonio Álvarez Sánchez, en nome e representación de *Industria de Diseño Textil (Inditex), S.A.*, solicitou a autorización administrativa e aprobación do proxecto de execu-

ción do parque eólico singular denominado Inditex, de 0,85 MW, acompañado a documentación establecida no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; Real decreto 2818/1998, do 23 de decembro, sobre produción de enerxía eléctrica por instalacións abastecidas por recursos ou fontes de enerxía renovables, residuos e coxeración; Decreto 302/2001, do 25 de outubro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia, e da Orde do 29 de outubro de 2002 pola que se determinan os requisitos para a autorización de parques eólicos singulares.

Sexto.-O 1 de decembro de 2003, Antonio Álvarez Sánchez, en nome e representación de *Industria de Diseño Textil (Inditex), S.A.*, solicitou o recoñecemento da condición de instalación acollida ao réxime especial de produción de enerxía eléctrica do parque eólico denominado Inditex, de 0,85 MW, achegando a documentación establecida no Real decreto 2818/1998, do 23 de decembro, sobre produción de enerxía eléctrica por instalacións abastecidas por recursos ou fontes de enerxía renovables, residuos e coxeración.

Sétimo.-O proxecto do Parque Eólico Inditex someteuse a información pública para os efectos previstos nos artigos 53 e 54 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico; o Decreto 302/2001, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia; o Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedemento de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; mediante Acordo do 12 de decembro da delegación provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio na Coruña, publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 6, do 12 de xaneiro de 2004, no diario *La Voz de Galicia* do 6 de xaneiro de 2004 e no taboleiro de anuncios do Concello de Arteixo.

Oitavo.-Durante o período de información pública non se presentaron alegacións.

Noveno.-O 1 de marzo de 2004, a Delegación Provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio na Coruña emitiu informe favorable sobre o citado proxecto, coas seguintes características básicas:

Situación e coordenadas poligonais:

Nome	Municipio	Localización [coordenadas UTM do aeroxerador]	
		X	Y
Parque eólico singular de Inditex	Arteixo (A Coruña)	540.372	4.796.580
		Parcela 83 A e 83 B do polígono industrial de Sabón	

Nº de aeroxeradores: 1.

Potencia unitaria por aeroxerador: 850 kW.

Tipo de aeroxerador: Gamesa G58.

Potencia total instalada: 850 kW.

Produción neta anual estimada: 2.269,5 MWh/ano.

Orzamento total: 86.869,86 euros.

Características técnicas da infraestrutura eléctrica de xeración, transformación e interconexión:

-1 aeroxerador tipo Gamesa G-58 de 850 kW de potencia nominal unitaria montado sobre fuste tubular metálico de 55 m de altura e rotor de 52 m de diámetro.

-1 transformador, situado no interior do fuste de 900 kVA e tensións de 0,69/15 kV.

-Rede eléctrica subterránea de media tensión a 15 kV realizada en condutor RHZ1 12/20 kV 3×(1×95) mm<sup>2</sup> Al, discorrendo por unha canalización existente no anel de distribución de Inditex para interconexión do aeroxerador e os equipos de medida, protección e control.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas é competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de autonomía de Galicia; Decreto 36/2001, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia; Real decreto 2563/1982, do 24 de xullo; Decreto 132/1982, do 4 de novembro; Decreto 223/2003, do 11 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Innovación, Industria e Comercio; Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, xa citada, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedemento de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; Orde do 29 de outubro de 2002, pola que se determinan os requisitos para a autorización de parques eólicos singulares, xa citada; Decreto 302/2001, do 25 de outubro e Real decreto 2818/1998, do 23 de decembro, xa citados.

Segundo.-No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites procedementais sinalados no Real decreto 1955/2000, o Decreto 302/2001 e a Orde do 29 de outubro de 2004. Así mesmo, a instalación e o seu proxecto de execución reúnen todos os requisitos técnicos exixibles.

Esta dirección xeral, de acordo co que antecede e no exercicio das competencias que lle atribúen os artigos único do Decreto 36/2001 e o artigo 23.2º do Decreto 302/2001,

#### RESOLVE:

\* Autorizar a *Industria de Diseño Textil (Inditex), S.A.*, a instalación dos equipos electromecánicos do parque eólico singular denominado Inditex, que se vai situar no municipio de Arteixo (A Coruña)

\* Aprobar o proxecto de execución da citada instalación.

\* Recoñecer a esa instalación, a condición de instalación acollida ao réxime especial do Real decreto 2818/1998, e incluíla no grupo b.2) do artigo 2 do dito real decreto.

Todo isto de acordo coas condicións seguintes:

Primeira.-*Industria de Diseño Textil (Inditex), S.A.*, para os efectos de garantir o cumprimento das súas obrigas, deberá constituír, no prazo de 30 días a contar desde o outorgamento desta autorización, unha fianza de 1.737,40 euros, importe do 2% do orzamento que figura no expediente, para garantir o cumprimento das súas obrigas, conforme o disposto no artigo 19 do citado Decreto 302/2001, do 25 de outubro.

A dita fianza constituirase na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, en calquera das formas sinaladas no artigo 11, apartado 3º do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, sobre réxime de instalación, ampliación e traslado de industrias, e será devolta unha vez se formalice a acta de posta en marcha das instalacións.

Segunda.-As instalacións que se autorizan terán que realizarse de acordo coas especificacións e planos que figuran no proxecto presentado pola empresa cun orzamento de 86.869,86 euros.

Terceira.-Para introducir modificacións nas instalacións que afecten a datos básicos do proxecto será necesaria a previa autorización desta Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas. Así mesmo, a Delegación Provincial de Innovación, Industria e Comercio da Coruña poderá autorizar as modificacións de detalle do proxecto que resulten procedentes, debendo comunicar a esta dirección xeral todas as resolucións que dite en aplicación da dita facultade.

Cuarta.-O prazo para a posta en marcha das instalacións que se autorizan será de seis meses, contados a partir da data de ocupación dos terreos.

Quinta.-Como requisito necesario para a aplicación á citada instalación do réxime especial, o promotor deberá inscribir a mesma no Rexistro de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica en Réxime Especial da Comunidade Autónoma de Galicia, creado pola orde da Consellería de Industria e Comercio do 5 de xuño de 1995 (DOG do 14 de xullo), para o que acreditará o cumprimento das condicións previstas no artigo 12 do R.D. 2818/1998, presentando a documentación que figure nas instrucións que dicte esta dirección xeral en desenvolvemento da dita orde. O parque conectarase co sistema centralizado para o réxime especial establecido pola Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

Sexta.-O parque eólico singular que se autoriza reunirá no seu momento os requisitos que se recollan no procedemento de operación que propoña o operador do sistema.

Para tal fin o titular da instalación deberá adecuar a mesma ao dito procedemento nun prazo de 6 meses desde a entrada en vigor do dito procedemento.

Sétima.-Con carácter previo á posta en marcha das instalacións, o órgano competente verificará o cumprimento dos condicionados impostos nesta resolución e o establecido polo Acordo do 28 de febreiro de 2003 da Dirección Xeral de Calidad e Avaliación Ambiental.

Oitava.-A Administración reserva para si o dereito de deixar sen efecto esta autorización por calquera das causas establecidas no artigo 34 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, por incumprimento das condicións impostas ou por calquera outra causa excepcional que o xustifique.

Novena.-Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Contra esta resolución, que non é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Innovación, Industria e Comercio no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2004.

Ramón Ordás Badía

Director xeral de Industria, Enerxía e Minas

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL**

*Resolución do 17 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Ourense, de notificación de incoación do expediente sancionador ICA-OU-17/03-V, por infracción da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, e demais normativa de aplicación.*

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE do 27 de novembro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, notifícasele ó denunciado cos datos persoais e último domicilio coñecido que se sinala a continuación a incoación do expediente sancionador número ICA-OU-17/03-V, acordada polo delegado provincial da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural de Ourense, posto que, intentada a notificación, esta non puido ser efectuada polo servizo de correos.

Noméase instrutora do procedemento a Mª Elisa Otero López, funcionaria desta delegación provincial.

A resolución será acordada polo director xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria desta consellería.

O denunciado disporá dun prazo de quince días, contados a partir do seguinte ao da publicación desta notificación, para que poida examinar o expediente nesta delegación provincial, sita na rúa Florentino López Cuevillas, 4-6 baixo, e formular as alegacións e presentar os documentos que estime convenientes, así como para a recusación da persoa nomeada como instrutor en calquera momento da tramitación do procedemento. De non se efectuar alegacións no prazo indicado, este acordo de incoación poderá ser considerado proposta de resolución, de darse os supostos previstos no artigo 13 do Real decreto 1398/1993 (BOE do 9 de agosto).

O pagamento voluntario porá fin ao expediente. Para efectualo deberá empregar os impresos normalizados que lle serán facilitados nesta delegación.

Ourense, 17 de marzo de 2004.

Manuel López Casas  
Delegado provincial de Ourense

### *ANEXO*

Expediente: ICA-OU-17/03-V.

Denunciado: *Santa Compañía Gallega, S.L.*

CIF: B-32199234.

Ultimo enderezo coñecido: A Derrasa, km 8. O Pereiro de Aguiar-Ourense.

Feitos denunciados: incumprir a normativa vixente en materia de etiquetaxe, presentación, publicidade dos produtos e inscrición nos rexistros regulamentarios.

Tipificación da infracción: tres infraccións leves e unha grave.

Preceptos infrinxidos: artigos 38.1º h), q) e 39.1º f) da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño; artigos 5.1º a), d), j); 6.1º e 12 do R.D. 1334/1999, do 31 de xullo; artigo 2 do R.D. 1808/1991, do 13 de decembro, e artigo 7 da Orde do 18 de marzo de 1997.

Precepto sancionador: artigos 42.1º e 42.2º da Lei 24/2003.

Cuantificación da infracción: leves, apercibimento ou multa ata 2.000 € e grave entre 2001 e 30.000 €. Sanción proposta: dous mil trescentos un euro (2.301 €), resultantes de tres infraccións leves de 100 € cada unha e unha infracción grave de 2.001 €.

## **CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

*Orde do 1 de abril de 2004 pola que se autoriza a transmisión inter vivos da concesión da batea Rocamar XXXVII (Redondela A-44).*

Visto o expediente instruído para efectos de transmisión da batea Rocamar XXXVII e da concesión administrativa que o ampara, resulta:

a) Antecedentes de feito.

Primeiro.-Mediante escrito do 16-2-2004, Antonio Vicente Lorenzo Seoane solicitou autorización para

a transmisión da concesión da batea Rocamar XXXVII.

Segundo.-Os informes do Servizo de Protección dos Recursos sobre as características da batea e do Servizo Técnico Xurídico sobre a tramitación do expediente son favorables.

b) Fundamentos xurídicos.

Primeiro.-Este órgano é competente para resolver o expediente de conformidade coa Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia, e coa Orde do 14 de xuño de 1999, de delegación de competencias nos delegados territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Segundo.-O expediente seguiu todos os trámites establecidos no procedemento administrativo común, coas especialidades previstas no Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia, e na Orde do 15 de xuño de 1999, pola que se regula o procedemento para a transmisión da titularidade das concesións dos viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia.

Vistas as disposicións citadas, a proposta de resolución elaborada polo Servizo de Recursos Mariños, o artigo 89 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais normas de xeral e pertinente aplicación, esta consellería

**RESOLVE:**

Autorizar a transmisión inter vivos, a favor de *Mejillones Julio, S.L.* (B36328011) da concesión que se indica a continuación:

Identificación:

Tipo: batea.

Nome: Rocamar XXXVII.

Localización:

Cuadrícula nº: 44.

Polígono: A.

Distrito: Redondela (Pontevedra).

Especies autorizadas: mexillón (*Mytilus galloprovincialis*).

Título habilitante: concesión.

Orde de outorgamento: 26-11-1958 (DOG nº 299).

Remate da vixencia: 29-10-2004.

Actual titular: Antonio Vicente Lorenzo Seoane (35319802-J).

Novo titular: *Mejillones Julio, S.L.* (B36328011).

Baixo as seguintes condicións:

Primeira.-O actual titular deberá presentar no prazo máximo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, orixinal ou fotocopia cotexada da seguinte documentación:

a) Documento notarial da transmisión ou doazón.

b) Solicitude ou carta de pagamento do imposto de transmisións patrimoniais ou documento de sucesións.

Segunda.-Transcorrido o prazo indicado na condición primeira sen ter achegado a documentación requirida, a autorización quedará sen efecto, logo de comunicación por parte da consellería.

Terceira.-O novo titular da concesión queda subrogado nos dereitos e obrigas do anterior, desde o momento de formalización da compravenda en escritura pública.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos, ou recurso contencioso-administrativo, ante a xurisdición contencioso-administrativa, que se interporá no prazo de dous meses, contados en ambos os dous casos desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 46.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Vigo, 1 de abril de 2004.

P.D. (Orde 14-6-1999, DOG nº 120, do 24 de xuño)

Paloma Rueda Crespo

Delegada territorial de Pontevedra

*Resolución do 8 de marzo de 2004 pola que se fai público o outorgamento do permiso de actividade para a posta en funcionamento dun criadeiro en Camariñas (A Coruña).*

De acordo coa Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia, e para dar cumprimento ao artigo 19 do Decreto 274/2003, do 4 de xuño, polo que se regula o procedemento de obtención do permiso e concesión de actividade para os establecementos de acuicultura e auxiliares de acuicultura na zona terrestre que establece que a resolución, no caso de ser favorable, será publicada no *Diario Oficial de Galicia*, faise pública a Resolución do 17 de febreiro de 2004, desta consellería, pola que se outorga permiso de actividade para a posta en funcionamento dun criadeiro en Camariñas coas seguintes características:

Titular: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Vixencia: 18 de febreiro de 2007.

Tipo: criadeiro.

Actividade: reprodución no inicio do ciclo vital.

Especies: moluscos.

Situación: porto de Camariñas (A Coruña).

Superficies:

Dominio privado: non ocupa.

Dominio público: 2.053,09 m<sup>2</sup>.

Superficie da nave: 869,35 m<sup>2</sup>.

Características das instalacións:

Invernadoiros: 2 de 8 x 24 m.

Edifícios de servizos complementarios: 2 de 4 x 11 m.

Explanación para sementeiro posterior de 1.060 m<sup>2</sup>.

Capacidade: 8 millóns de unidades de semente/ano.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2004.

Enrique César López Veiga  
Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos

*Resolución do 29 de marzo de 2004, da Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se anuncia a licitación por concurso aberto dun contrato de consultoría e asistencia para impartir o programa de formación práctico do certificado de profesionalidade formación básica para o sector pesqueiro cofinanciado con fondos IFOP.*

#### 1. Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

b) Dependencia que tramita o expediente: Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro. Subdirección Xeral de Xestión e Investigación Mariña.

c) Número de expediente: 78/2004. Referencia: 2004-12-113.

#### 2. Obxecto do contrato:

a) Descrición do obxecto: consultoría e asistencia para impartir o programa de formación práctico do certificado de profesionalidade formación básica para o sector pesqueiro.

b) División por lotes e número: non hai lotes.

c) Lugar de execución: segundo o prego de prescricións técnicas.

d) Prazo de execución: desde a sinatura do contrato ata o 31 de decembro de 2004.

#### 3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación. Importe total: 164.250 €.

5. Garantía provisional: 3.285 €.

6. Obtención de documentación e información:

a) Entidade: Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro. Subdirección Xeral de Xestión e Investigación Mariña.

b) Enderezo: Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños.

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela 15781.

d) Teléfono: 981 54 61 52.

e) Fax: 981 54 61 38.

f) Data límite de obtención de documentos e información: coincide coa data límite de presentación de ofertas.

7. Requisitos específicos do contratista. Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: os indicados na folla de especificacións.

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación: o prazo de presentación de proposicións rematará ás catorce horas do décimo quinto día natural seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. No caso de que o dito día coincida en sábado ou festivo, o prazo rematará ás catorce horas do primeiro día hábil seguinte.

b) Documentación que hai que presentar: ver prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación:

-Entidade: rexistro xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

-Enderezo: edificio administrativo San Caetano.

-Localidade e código postal: Santiago de Compostela 15781.

No caso de enviar a proposición por correo, deberá xustificarse a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax, telegrama ou télex no mesmo día.

d) Prazo durante o que o licitador se obriga a manter a súa oferta: ata a adxudicación.

e) Admisión de variantes: segundo a folla de especificacións.

#### 9. Apertura de ofertas.

a) Entidade: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

b) Enderezo: edificio administrativo San Caetano.

c) Localidade: Santiago de Compostela.

d) Data: o décimo quinto día natural contado a partir do seguinte ao de remate do prazo de pre-

sentación de proposicións. Se ese día coincidise en sábado ou festivo, a mesa reunirase o primeiro día hábil seguinte á mesma hora.

e) Hora: 10.30.

10. Os gastos de publicación dos distintos anuncios serán por conta dos adxudicatarios.

11. Páxina web onde se poden obter os pregos:  
<http://www.xunta.es/contratacion/resultado.asp?N=3678>

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2004.

Rosa M<sup>a</sup> Quintana Carballo

Directora xeral de Innovación e Desenvolvemento  
Pesqueiro

*Cédula do 5 de abril de 2004, da Delegación Territorial da Coruña, pola que se notifica a proposta de expediente sancionador PESAN1 2003/001538-1.*

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), notifícanse ás persoas que a continuación se relacionan as propostas dos expedientes instruídos por infracción da Lei 6/1991, do 15 de maio, de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros (DOG nº 99, do 27 de maio).

Os interesados dispoñen dun prazo de oito días a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto, para presentar ante a delegación territorial as alegacións que estime pertinentes.

Os expedientes relacionados de seguido atópanse á disposición dos interesados na citada Delegación Territorial da Coruña, Ramón y Cajal, s/n-5ª planta.

Nº de expediente: PESAN1 2003/001538-1.

Denunciado: Ramón Bardanca Ogando.

DNI: 32753985-F.

Enderezo: Travesía de Pastoriza, 145-2º D, Arteixo.

A Coruña, 5 de abril de 2004.

Francisco Javier Alonso Moraleja  
Instrutor

*Anuncio do 18 de marzo de 2004 polo que se publica extracto de resolución de concesión de axudas.*

De acordo co establecido no artigo 11 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 11 de decembro), publícase extracto das resolucións de concesión de axudas, ás que se fai referencia no indicado precepto, de importe superior a

300.506,05 euros, dictadas por esta consellería, no ano 2003.

Todas estas axudas foron financiadas con cargo aos fondos europeos do Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP) co correspondente cofinanciamento.

1. Axudas á renovación da flota pesqueira.

a) Norma reguladora: Orde do 14 de xullo de 2000 pola que se establecen as bases e condicións e se regula o procedemento de concesión de axudas á renovación da flota e á modernización dos buques pesqueiros (DOG do 2 de agosto).

b) Crédito orzamentario: 12.03.123A.770.0.

c) Finalidade da axuda: construción de novos buques pesqueiros que substitúan a outros xa existentes e operativos.

d) Persoas ou entidades beneficiarias e importe da axuda concedida a cada unha delas, en euros.

*Alegrín, S.L.:* 879.360.

*Baleiro Pesca, S.L.:* 734.240.

*Domonte Mandado, S.L.:* 968.228.

*Hermanos Galdo, S.L.:* 896.960.

*Hermanos Rodríguez Novo, S.A.:* 995.520.

*Juan Manuel Velay Calo:* 927.936.

*Juan Manuel Vicente Velasco e outro:* 410.112.

*López Candia, S.A.:* 879.360.

*Mazaido, S.A. e Ramón Lorenzo García:* 927.940.

*Paulino López García:* 740.074.

*Pesquera Laga, S.L.:* 628.400.

*Pesquera Laga, S.L.:* 628.400.

*Pesquera Santomar, S.L.:* 889.920.

*Regal Pesca Litoral, S.L.:* 716.960.

*Vidal Armadores, S.A.:* 634.793,60.

2. Axudas á paralización definitiva de buques pesqueiros.

a) Norma reguladora: Orde do 28 de novembro de 2000 pola que se establecen as bases e condicións e se regula o procedemento de concesión de axudas á paralización definitiva de buques pesqueiros.

b) Crédito orzamentario: 12.03.614B.770.1

c) Finalidade da axuda: contribuír a alcanzar un equilibrio duradeiro entre os recursos da pesca e a súa explotación mediante o axuste do esforzo pesqueiro, a través da paralización definitiva das actividades pesqueiras dos buques.

d) Persoas ou entidades beneficiarias e importe da axuda concedida a cada unha delas, en euros.

*Andrés Gude González e outros:* 661.796,66.

*Hermanos Fernández Balado, S.L.:* 302.737,60.

*Jesús González Álvarez:* 389.208.

*Pesquera María Lourdes, S.L.:* 880.865.

*Pesquera Rockall, S.L.:* 869,395.

Ramón Fernández González e outros: 790.993.

*Redonda Nova, S.L.:* 597.144.

3. Axudas a industrias de transformación e comercialización.

a) Norma reguladora: Orde do 17 de xullo de 2000 pola que se establecen as bases e condicións e se regula o procedemento de concesión de axudas para a creación, renovación, modernización, e innovación tecnolóxica das empresas de manipulación, transformación, conservación, tratamento e comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura, con cargo aos orzamentos xerais da comunidade Autónoma no exercicio 2003.

b) Crédito orzamentario: 12.03.722A.770.0.

c) Finalidade da axuda: incentivar a creación, renovación e innovación tecnolóxica das empresas de transformación e comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

d) Persoas ou entidades beneficiarias e importe da axuda concedida a cada unha delas, en euros.

*Actemsa, S.A.:* 1.291.941,08.

*Bernardo Alfageme, S.A.:* 437.430,84.

*Calvo Conservas, S.L.:* 1.264.024,08.

*Casa Botas, Vda. de J.M. Blasco, S.L.:* 1.307.634,42.

*Comercio y Pesca 37, S.L.:* 431.740,06.

*Comiolsa Comercial Milagros Olga Pérez Santos, S.A.:* 1.338.805,11.

*Congalsa, S.L.:* 871.637,68.

*Congelados Sariego, S.L.:* 1.996.809,18.

*Conservas Selectas Mar de Couso, S.A.:* 441.915,69.

*Ddy Comercio Exterior, S.A.:* 480.852,01.

*Elaborados Gallegos, S.A.:* 3.417.148,61.

*Escuris, S.A.:* 1.539.741,98.

*Fandicosta, S.A.:* 3.063.333,10.

*Frigomar Burela, S.A.:* 2.321.327,37.

*Frigoríficos de Camariñas, S.L.:* 317.126,84.

*Frigoríficos de Ribadeo, S.L.:* 440.236,10.

*Frigoríficos de Vigo, S.A.:* 2.792.235,67.

*Frigoríficos Rosa de los Vientos, S.L.:* 592.694,91.

*Frinova, S.A.:* 535.542,94.

*Galicia Frozen Fish, S.L.:* 592.330,58.

*Hijos de Vidal Bandín, S.A.:* 1.514.882,80.

*Isidro de la Cal Fresco, S.A.:* 419.632,65.

*Jealsa Rianxeira, S.A.:* 1.270.600.

*Lalandi, S.L.:* 1.845.909,62.

*Mexigal, S.L.:* 950.991,61.

*Paquito, S.L.:* 1.033.900,58.

*Pasteurizados Cíes, S.L.:* 895.130,14.

*Pescados Miguel Navarro, S.L.:* 510.403,79.

*Pescados y Mariscos Tritón, S.L.:* 1.462.395,03.

*Pescanova Chapela, S.A.:* 2.340.238,10.

*Pescanova Chapela, S.A.:* 2.357.641,41.

*Pesquerías Marinenses, S.A.:* 1.023.412,47.

*Pez Austral, S.A.:* 484.254,13.

*Pita Hermanos, S.A.:* 374.306,65.

*Procesados Pesqueros, S.L.:* 3.540.839,32.

*Productos Congelados, S.A.:* 1.315.413.

*Safricope, S.A.:* 1.107.751,88.

*Vitalmar Pescados y Mariscos, S.L.:* 1.628.855,30.

4. Investimentos en acuicultura mariña.

a) Norma reguladora: Orde do 26 de xullo de 2000 pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión de axudas a investimentos no ámbito da acuicultura mariña.

b) Crédito orzamentario: 12.02.721B.771.1.

c) Finalidade da axuda: incentivar a construción e mellora de instalacións de cultivos mariños.

d) Persoas ou entidades beneficiarias e importe da axuda concedida a cada unha delas, en euros.

*Loitamar:* 510.357,53.

*Improcar de Carril, S.L.:* 460.574,48.

*Maricultura, S.A.:* 314.850.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2004.

Enrique César López Veiga  
Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos

## **CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO**

*Resolución do 19 de abril de 2004, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se anuncia a licitación, mediante concurso público, procedemento aberto e trámite de urxencia, para a contratación do servizo de limpeza e lavandaría da residencia de tempo libre do Carballiño (Ourense).*

A Delegación Provincial en Ourense da Consellería de Familia, Xuventude Deporte e Voluntariado unha vez cumpridos os trámites administrativos correspondentes, resolve anunciar o concurso que de seguido se cita:

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

b) Dependencia que tramita o expediente: Delegación Provincial de Ourense.

c) Número de expediente: 15/2004.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición: servizo de limpeza e lavandaría.

b) Lugar de execución: residencia de tempo libre do Carballiño (Ourense)

c) Prazo de execución: desde o 5 de xuño ata o 18 de novembro do 2004.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: urgente.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación: 56.201 € (IVE incluído).

5. Garantía.

a) Definitiva: 4% prezo de adxudicación.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Delegación Provincial de Ourense.

b) Domicilio: Camiño Prado Lonia, s/n, 32004 Ourense.

c) Teléfono: 988 38 60 96. Telefax: 988 38 60 87.

d) Así mesmo poderanse obter os pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da internet: <http://www.xunta.es/contratación>.

e) Data límite de obtención de documentos e información: ata o último día de presentación das proposicións, todos os días laborais, agás sábados, de 9.00 a 14.00 horas.

7. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación: non se exige.

8. Presentación de ofertas.

a) Data límite de presentación: 8 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG.

b) Documentación que hai que presentar: a que se indica no prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: no rexistro xeral da Delegación Provincial de Ourense da Consellería de Familia, Xuventude Deporte e Voluntariado ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 80 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da LCAP. Cando as disposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición de envío na oficina de correos e comunicarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax (988 38 60 87) ou telegrama, no mesmo día.

9. Apertura das ofertas.

a) Entidade: Delegación Provincial de Ourense.

b) Domicilio: Camiño Prado Lonia, s/n, 32004 Ourense.

c) Data: o décimo día natural contado a partir do seguinte aquel no que remate o prazo de presentación de ofertas. No caso de que coincida en sábado ou festivo, a apertura destas terá lugar no día hábil seguinte.

d) Hora: a partir das 13.30 horas.

10. Gastos do anuncio: o importe deste anuncio será por conta do adxudicatario do contrato.

Ourense, 19 de abril de 2004.

P.D. (Orde 14-3-2003)

Isidro J. Cabero Juárez

Delegado provincial de Ourense

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

*Resolución do 24 de marzo de 2004, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental para unha granxa porcina, cebadeiro para 2.700 porcos de 20 a 100 kg en Teixeira (Curtis), promovida por Fontemoruxa, S.L.*

En cumprimento do disposto no artigo 5, punto 2º, do Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación do impacto ambiental para Galicia (DOG nº 188, do 25 de setembro), e durante o prazo de trinta días hábiles, someterase o estudo de impacto ambiental ao trámite de información pública mediante anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude,

### RESOLVO:

1. Someter a información pública o estudo de impacto ambiental para unha granxa porcina, cebadeiro para 2.700 porcos de 20 a 100 kg en Teixeira (Curtis).

2. Para os devanditos efectos informativos, poranse ao dispor dos administrados exemplares nas seguintes dependencias:

\* Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

\* Concello de Curtis (A Coruña).

3. As alegacións formularanse durante o prazo de trinta días, contados a partir do seguinte día á publi-

cación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2004.

José Manuel Álvarez-Campana Gallo  
Director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

## CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

*Cédula do 18 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se fai público o acordo de inicio do procedemento de reintegro do 24 de outubro de 2003, das axudas a autónomos do expediente administrativo REINT. 2003/254-5.*

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), modificada pola Ley 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14), e non sendo posible a práctica da notificación no domicilio sinalado polo interesado do acordo de inicio do procedemento de reintegro da subvención do expediente administrativo, consonte o establecido na Orde do 27 de abril de 1998, publícase:

-Expediente de reintegro: REINT. 2003/254-5.

-Expediente de xestión: FM 341D 1998/1403-5.  
FM 341D 1998/1404-5.

Orde da convocatoria: 27 de abril de 1998 (DOG nº 82, do 30 de abril).

Interesado: José Ramón Vilaverde Rodríguez.

Enderezo: Rúa Figueroa de Arriba, 10 36681 A Estrada (Pontevedra).

Asunto: reintegro axudas a autónomos.

Acordo:

Revisado o seu expediente de conformidade coas facultades de control, avaliación e seguimento que corresponden á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais segundo a disposición adicional primeira da Orde do 27 de abril de 1998 (DOG do 30) pola que se establecen os programas de axudas para o fomento da economía social, para o emprego autónomo e a integración laboral das persoas con discapacidade para o ano 1998, en relación co Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro (DOG do 21), pola que se fixa a estrutura dos departamentos da Xunta de Galicia.

E comprobada a vida laboral de José Ramón Vilaverde Rodríguez (33267797-E) a través do cruzamento de datos co sistema de Seguridade Social,

detéctase a baixa deste desde 30-6-2000 incumprindo o artigo 37 da Orde do 27 de abril de 1998 (DOG do 30).

### ACORDO:

Primeiro.-Iniciar, en exercicio da competencia atribuída polo artigo 20.2º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro (DOG do 11 de decembro), o procedemento de reintegro das subvencións de:

\* 2.103,54 euros concedida na Resolución do 19-7-1999 en concepto de renda de subsistencia.

\* 709,19 euros concedida na Resolución do 19-7-1999 en concepto de subvención financeira.

Segundo.-O reintegro voluntario polo interesado ante o órgano competente da Consellería de Economía e Facenda, en calquera momento anterior a proposta de resolución, producirá a terminación do procedemento, sen prexuízo de que se dite a resolución pola que se declare a dita circunstancia, de acordo co establecido no artigo 20.5º e 20.6º, do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Terceiro.-Dar trámite de audiencia ao interesado, concedendo a José Ramón Vilaverde Rodríguez un prazo de 10 días hábiles para formular as alegacións e achegar os documentos que estime pertinentes.

Vigo, 24 de outubro de 2003. P.D. O delegado provincial. Asdo.: Joaquín Macías Sánchez.

Os correspondentes expedientes atópanse no Servizo de Promoción do Emprego da Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais en Vigo.

Vigo, 18 de marzo de 2004.

Joaquín Macías Sánchez  
Delegado provincial de Pontevedra

*Cédula do 18 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se fai público o acordo de inicio do procedemento de reintegro do 24 de outubro de 2003, das axudas á promoción do emprego autónomo do expediente administrativo REINT. 2003/255-5.*

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), modificada pola Ley 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14), e non sendo posible a práctica da notificación no domicilio sinalado pola interesada do acordo de inicio do procedemento de reintegro da subvención do expediente administrativo, consonte o establecido na Orde do 12 de febreiro de 1999, publícase:

-Expediente de reintegro: REINT. 2003/255-5.

-Expediente de xestión: FM 341D 1999/536-5.

Orde da convocatoria: 12 de febreiro de 1999 (DOG nº 34, do 19 de febreiro).

Interesada: Mónica Carrera Puentes.

Enderezo: Lugar A Serra, 25 36865-5 Ponteareas (Pontevedra).

Asunto: reintegro axudas a autónomos.

Acordo:

Revisado o seu expediente de conformidade coas facultades de control, avaliación e seguimento que corresponden a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais segundo a disposición adicional primeira da Orde do 12 de febreiro de 1999 (DOG do 19) pola que se establecen os programas de fomento do emprego en empresas de economía social e para a promoción do emprego autónomo para o ano 1999, en relación co Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro (DOG do 21), pola que se fixa a estrutura dos departamentos da Xunta de Galicia.

E comprobada a vida laboral de Mónica Carrera Puentes (34876877-E) a través do cruzamento de datos co sistema de Seguridade Social, detéctase a baixa desta desde o 30-6-2000 incumprindo o artigo 26 da Orde do 12 de febreiro de 1999 (DOG do 19).

#### ACORDO:

Primeiro.-Iniciar, en exercicio da competencia atribuída polo artigo 20.2º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro (DOG do 11 de decembro), o procedemento de reintegro da subvención de 3.606,07 euros concedida na Resolución do 22-12-1999 en concepto de renda para inicio de actividade.

Segundo.-O reintegro voluntario pola interesada ante o órgano competente da Consellería de Economía e Facenda, en calquera momento anterior a proposta de resolución, producirá a terminación do procedemento, sen prexuízo de que se dite a resolución pola que se declare a dita circunstancia, de acordo co establecido no artigo 20.5º e 20.6º, do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Terceiro.-Dar trámite de audiencia á interesada, concedendo a Mónica Carrera Puentes un prazo de 10 días hábiles para formular as alegacións e achegar os documentos que estime pertinentes.

Vigo, 24 de outubro de 2003. P.D. O delegado provincial. Asdo.: Joaquín Macías Sánchez.

Os correspondentes expedientes atópanse no Servizo de Promoción do Emprego da Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais en Vigo.

Vigo, 18 de marzo de 2004.

Joaquín Macías Sánchez  
Delegado provincial de Pontevedra

*Cédula do 18 de marzo de 2004, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se fai público o acordo de inicio do procedemento de reintegro do 24 de outubro de 2003, das axudas a autónomos do expediente administrativo REINT. 2003/256-5.*

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), modificada pola Ley 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14), e non sendo posible a práctica da notificación no domicilio sinalado pola interesada do acordo de inicio do procedemento de reintegro da subvención do expediente administrativo, consono o establecido na Orde do 12 de febreiro de 1999, publícase:

-Expediente de reintegro: REINT. 2003/256-5.

-Expediente de xestión: FM 341D 1999/1356-5.

Orde da convocatoria: 12 de febreiro de 1999 (DOG nº 34, do 19 de febreiro).

Interesada: Paula Curra Rosales.

Enderezo: avda. Martínez Garrido, 51-2º B 36205 Vigo (Pontevedra).

Asunto: reintegro axudas a autónomos.

Acordo:

Revisado o seu expediente de conformidade coas facultades de control, avaliación e seguimento que corresponden a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais segundo a disposición adicional primeira da Orde do 12 de febreiro de 1999 (DOG do 19) pola que se establecen os programas de fomento do emprego en empresas de economía social e para a promoción do emprego autónomo para o ano 1999, en relación co Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro (DOG do 21), pola que se fixa a estrutura dos departamentos da Xunta de Galicia.

E comprobada a vida laboral de Paula Curra Rosales (52249597-M) a través do cruzamento de datos co sistema de Seguridade Social, detéctase a baixa desta desde o 30-6-2001 incumprindo o artigo 26 da Orde do 12 de febreiro de 1999 (DOG do 19).

#### ACORDO:

Primeiro.-Iniciar, en exercicio da competencia atribuída polo artigo 20.2º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro (DOG do 11 de decembro), o procedemento de reintegro da subvención de 3.606,07 euros concedida na Resolución do 27-1-2000 en concepto de renda para inicio de actividade.

Segundo.-O reintegro voluntario pola interesada ante o órgano competente da Consellería de Economía e Facenda, en calquera momento anterior á proposta de resolución, producirá a terminación do procedemento, sen prexuízo de que se dite a reso-

lución pola que se declare a dita circunstancia, de acordo co establecido no artigo 20.5º e 20.6º, do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Terceiro.-Dar trámite de audiencia a interesada, concedendo a Paula Curra Rosales un prazo de 10 días hábiles para formular as alegacións e achegar os documentos que estime pertinentes.

Vigo, 24 de outubro de 2003. P.D. O delegado provincial. Asdo.: Joaquín Macías Sánchez.

Os correspondentes expedientes atópanse no Servizo de Promoción do Emprego da Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais en Vigo.

Vigo, 18 de marzo de 2004.

Joaquín Macías Sánchez  
Delegado provincial de Pontevedra

## INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

*Cédula do 31 de marzo de 2004, da Área Provincial de Pontevedra, pola que se lle notifica a José Luis Martiñán Abal, administrador único da empresa mercantil Promociones Indoal, S.L. a resolución do expediente sancionador ES-P-004/2003.*

De conformidade cos artigos 59 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación persoal no último domicilio coñecido, emprázase o interesado que se sinala no anexo para ser notificado, por comparecencia en que se lle dará coñecemento do contido íntegro do acto ao que se notifica.

A comparecencia deberá efectuarse ante o órgano de tramitación, Sección de Inspección e Sancións do Instituto Galego da Vivenda e Solo, situado na r/ Alcalde Hevia, número 7, 36071 Pontevedra, nun prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación desta cédula.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Pontevedra, 31 de marzo de 2004.

Andrés Iglesias López  
Xefe da Área Provincial de Pontevedra

### ANEXO

Expediente: 36-P-5013/1998 (expediente sancionador: ES-P-004/2003).

Nome: José Luis Martiñán Abal, administrador único da empresa mercantil *Promociones Indoal, S.L.*

Enderezo: rúa Reveraino Soutullo, número 4 en Pontearreas, Pontevedra.

Indicación do contido do acto que se notifica: impoñer a *Promociones Indoal, S.L.*, como sociedade promotora, responsable directo dos feitos probados, e con carácter solidario a José Luis Martiñán Abal, na súa condición de administrador único da devandita empresa mercantil, a unha sanción de multa de 3.005,07 euros, así como, a inhabilitación, para ambos os dous, para participar en promocións de vivendas de promoción oficial durante seis anos, xunto coa exigencia de executar as obras de reparación necesarias para a corrección das deficiencias subsistentes no piso 2º D do edificio Los Robles II, situado na rúa Magnolio, número: 2 en Pontearreas e que están relacionadas nos feitos probados desta resolución.

Recursos: contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, no prazo dun mes que se contará a partir do día seguinte ao da presente publicación, consonte co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992.

*Cedula do 31 de marzo de 2004, da Área Provincial da Coruña, de notificación de requirimentos de pagamentos aos debedores que se relacionan (expediente c-92/070, conta 2 e dous máis).*

En cumprimento do disposto nos artigos 59 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e de conformidade co establecido no artigo 30.1º do texto refundido de VPO, Real decreto 2960/1976, do 12 de novembro, e no punto primeiro do artigo 138.1º do Regulamento de VPO, Decreto 2114/1968, do 24 de xullo, notifícaselles aos interesados, cos datos e domicilio (identificado por nº de expediente e conta) que a continuación se relacionan, os requirimentos de pagamento dos recibos pendentes e que ascenden ás cantidades que se sinalan, facéndolles constar que se irán incorporando ao total da débeda os posteriores vencementos que resulten non pagados e que lles serán reclamados por todos os medios legais.

Tendo en conta as obrigas dimanantes dos contratos subscritos por vostedes coa Xunta de Galicia e de acordo co establecido no artigo 142 do regulamento en relación co artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, concédeselles un prazo de dez días hábiles para que se poñan ao corrente das súas obrigas, ou comparezan na delegación provincial, en trámite de audiencia para os efectos de presentar os documentos e xustificacións que coiden convenientes ao seu dereito.

En caso contrario procederáse á resolución dos seus contratos, que se acordará no expediente de desafuzamento ou, de ser o caso, execución hipo-

tecara, iniciado con este documento, e que rematará co conseguente lanzamento da vivenda, para a súa posterior adxudicación a outro beneficiario. Expido, asino e selo esta cédula na Coruña o 31 de marzo de 2004.

Rosa M<sup>a</sup> Gallego Neira  
Xefe da Área Provincial da Coruña

#### ANEXO

Jesús A. Bregua Bonome, M<sup>a</sup> Teresa Santiago Lamas e herdeiros.

Expediente C-92/070 (F.P. 15/2004).

Conta: 2.

Rúa O Prado, cuarteirón 24, P-A, 2º I, polígono de Esteiro (Ferrol).

Importe débeda: 1.714,83 euros.

Daniel Ferreiro Bahamonde, Mónica Martínez Fernández e herdeiros.

Expediente. C-92/060 (F.P. 43/2004).

Conta: 9.

Ponte de Caranza, cuarteirón 24, P-E, 3º I, polígono de Esteiro (Ferrol).

Importe débeda: 10.468,20 euros.

Rufino Cuétara Rodríguez e herdeiros.

Expediente. C-81 (F.P. 78/2004).

Conta: 178.

Rúa José Ameneiros, bloque 1, P-2, baixo D, Sta. Mariña (Ferrol).

Importe débeda: 6,35 euros.

*Cédula do 2 de abril de 2004, da Área Provincial da Coruña, pola que se lle notifica ao interesado a resolución do expediente sancionador VP-C 19/2003.*

Por medio desta cédula e en cumprimento do disposto no artigo 59 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, en relación co artigo 13 do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, que aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, notifícaselle ao interesado a resolución do expediente sancionador VP-C 19/2003 que se inicia neste organismo por non destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente, causa prevista no artigo 5.C da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de infraccións en materia de vivenda.

Á dita infracción impónselle unha multa de 601,02 euros, sin prexuízo da obriga de destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación.

De non ter presentado recurso no devandito prazo, a sanción devirá firme en vía administrativa, debendo aboar o importe da multa por transferencia bancaria no período voluntario sinalado no boletín de multas e sancións ao seu dispor na delegación pro-

vincial do IGVS (sita na praza de Luis Seoane s/n, 9ª planta da Coruña) na conta restrinxida que consta no devandito boletín facendo constar o número de expediente sancionador. De non efectuar o pagamento dentro do prazo establecido, procederáse á súa execución por vía de constrinximento, nos termos previstos na orde da Consellería de Economía e Facenda do 23 de novembro de 2001 (*Diario Oficial de Galicia* nº 235, do 5 de decembro).

E para que conste e lle sirva de notificación ao interesado con domicilio descoñecido, no cumprimento do artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido, asino e selo esta cédula na Coruña o 2 de abril de 2004.

Rosa M<sup>a</sup> Gallego Neira  
Xefa da Área Provincial da Coruña

#### ANEXO

VP-C 19/2003.

M<sup>a</sup> Cruz Basich Castiñeiras.

Rúa Monforte, 11-3º dta. A Coruña.

Sanción: 601,02 euros.

### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Resolución do 25 de marzo de 2004 pola que se lles dá publicidade aos avais concedidos polo Instituto Galego de Promoción Económica.*

O artigo 13.2 do Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Instituto Galego de Promoción Económica establece, que aos avais concedidos polo Igape daráselles publicidade no *Diario Oficial de Galicia*.

En virtude do exposto anteriormente,

#### RESOLVO:

Único.-Dar publicidade aos avais concedidos polo Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) durante o ano 2003:

-Aval por importe máximo de 2.626.000 euros á empresa *Viajes Vincit, S.L.*

-Aval por importe máximo de 3.000.000 euros á empresa *Transmonbús, S.L.*

-Aval por importe máximo de 1.749.000 euros á empresa *Inoxidables de Rábade, S.A.*

-Aval por importe máximo de 1.260.000 euros á empresa *Arteixo Telecom, S.A.*

-Sete avais por importe máximo conxunto de 1.088.747,96 euros á empresa *Antonio Pernas, S.A.*

-Aval por importe máximo de 1.820.000 euros á empresa *Viajes Vincit, S.L.*

-Aval por importe máximo de 17.500.000 euros á empresa *P. Ferro G.P.F., S.L.*

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2004.

Margarita Rodríguez Rama

Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Resolución do 23 de marzo de 2004, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Ourense, pola que se anuncia o concurso público, por procedemento aberto e trámite ordinario, para a contratación do servizo de realización de probas analíticas en laboratorios externos. (CP 12/2004).*

O xerente xeral do Complexo Hospitalario de Ourense, en virtude das atribucións que lle foron delegadas polo conselleiro de Sanidade na Orde do 14 de marzo de 2002 (DOG nº 66, do 5 de abril), convoca o seguinte concurso público de servizos:

### 1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo e dependencia que tramita o expediente: Complexo Hospitalario de Ourense, Dirección de Recursos Económicos, Servizo de Compras, rúa Ramón Puga, 52, E-32005, Ourense. Tfno.: 988 38 59 49. Fax: 988 38 58 49.

b) Número de expediente: CP 12/2004.

### 2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: servizo de realización de probas analíticas en laboratorios externos.

b) Lotes: 3. Posibilidade de licitar a un, a varios ou á totalidade dos lotes.

c) Lugar de execución: Complexo Hospitalario de Ourense.

d) Prazo de execución: 2 anos.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Trámite: ordinario.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso público.

4. Orzamento base de licitación: 860.352 euros, IVE incluído.

### 5. Garantías exixidas:

Provisional: o importe indicado no punto 11 da cara do prego de cláusulas administrativas particulares para o lote/s aos que conorra.

Definitiva: 4% do importe adxudicado.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade e domicilio: ver punto 1 deste anuncio.

b) Data límite de obtención de documentos: o día en que remate o prazo de presentación de ofertas, en días hábiles das 9.00 ás 14.00 horas, agás sábados.

### 7. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación: para empresas españolas: ver punto 12 da cara do prego de cláusulas administrativas particulares.

b) Solvencia económica e financeira, e solvencia técnica e profesional: para empresas non españolas: ver puntos 13 e 14 da cara do prego de cláusulas administrativas particulares.

### 8. Presentación das ofertas.

a) Data límite de presentación: 22 de maio de 2004, ata as 14.00 horas. Cando o devandito día coincida en sábado ou festivo, o prazo de presentación rematará o seguinte día hábil.

b) Documentación que que hai presentar: ver cláusula 5 do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: rexistro xeral do Complexo Hospitalario de Ourense, rúa Ramón Puga, 52, edificio de administración e consultas externas-planta baixa, 32005 Ourense.

d) Prazo durante o que o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: 3 meses desde a apertura das proposicións.

e) Admisión de variantes: non. Ver punto 6 da cara do prego de cláusulas administrativas particulares.

### 9. Apertura das ofertas.

a) Data, hora e lugar de apertura: 2 de xuño de 2004; 9.00 horas. Sala de Xuntas da Dirección de Recursos Económicos do Complexo Hospitalario de Ourense. Cando o devandito día coincida en sábado ou festivo, a apertura terá lugar o seguinte día hábil.

### 10. Outras informacións.

a) Modalidades básicas de financiamento e de pagamento: ver prego de cláusulas administrativas.

b) Se é o caso, forma xurídica que deberá adoptar a unión de empresas adxudicatarias da contratación: ver prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Criterios de adxudicación: ver punto 16 da cara do prego de cláusulas administrativas particulares.

d) Lingua na que debe figurar a documentación a presentar: castelán ou galego.

e) Prazo de execución: ver punto 7.1 da cara do prego de cláusulas administrativas particulares.

f) Data de publicación no DOCE do anuncio de información previa: non se publicou.

g) Data de recepción do anuncio pola OPOCE: (reservado á OPOCE).

11. Gastos de anuncios: o pagamento dos anuncios do concurso será a cargo do/s adxudicatario/s.

12. Data do envío do anuncio ao DOCE: 31 de marzo de 2004.

13. Páxina web onde se poden consultar os pregos: <http://www.sergas.es>.

Ourense, 23 de marzo de 2004.

José F. Troncoso Casares  
Xerente xeral do Complexo Hospitalario de Ourense

*Resolución do 31 de marzo de 2004, da División de Recursos Económicos, pola que se fai pública a relación da adxudicación definitiva de contratación de subministracións.*

En cumprimento do disposto no artigo 93.2º do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, e no artigo 24 do Real decreto 390/1996, do 1 de marzo, esta división acorda darlles publicidade ás adxudicacións das seguintes contratacións.

I. Adquisición de equipamento de mobiliario xeral e de oficinas con destino a diversos hospitais da Comunidade Autónoma de Galicia (8 lotes).

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Servizo Galego de Saúde.

b) Dependencia que tramita o expediente: División de Recursos Económicos.

c) Número de expediente: SCS.-7/2004.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: contrato de subministracións.

b) Descrición do obxecto: adquisición de equipamento de mobiliario xeral e de oficina.

c) Lote: 8 lotes.

d) Boletín ou diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: DOG nº 220, do 12 de novembro de 2003.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base da licitación.

Orzamento: setenta e seis mil catrocentos noventa e cinco euros, IVE incluído (76.495 euros).

Lote	Descrición	Importe dos lotes
1	Mesas e armarios estándar	40.655 €
2	Cadeira estándar	15.510 €

Lote	Descrición	Importe dos lotes
	Accesorios estándar	3.240 €
4	Dotación dormitorios	9.330 €
5	Salas de estar e espera	1.200 €
6	Vestiaros e almacén	5.410 €
7	Electrodomésticos	550 €
8	Arquivo historias clínicas	600 €

Lote 1 : mesas e armarios estándar.

Lote 3: accesorios estándar.

a) Data: 1 de marzo de 2004.

b) Contratista: *Sutega Mobiliario, S.L.*

c) Nacionalidade: española.

Importe da adxudicación: lotes: 1 e 3, por un importe de vinte e nove mil catrocentos noventa e cinco con trinta e dous euros (29.495,32 €, IVE incluído).

Lote 2: cadeiras estándar.

Lote 4: salas de estar e espera.

a) Data: 1 de marzo de 2004.

b) Contratista: *Tecam Oficinas, S.A.*

c) Nacionalidade: española.

Importe da adxudicación: lotes: 2 (oferta base) e 4, por un importe de vinte mil seiscientos sesenta e seis con oitenta e un euros (20.666,81 €, IVE incluído).

Lote 5: dotación dormitorios.

Lote 7: electrodomésticos.

Lote 8: arquivo historias clínicas.

a) Data: 1 de marzo de 2004.

b) Contratista: *Imagen, Hostelería y Oficinas, S.L.*

c) Nacionalidade: española.

Importe da adxudicación: lotes: 5, 7 e 8, por un importe de dous mil noventa e dous con trinta euros (2.092,30 €, IVE incluído).

Lote 6: vestiarios e almacén.

a) Data: 1 de marzo de 2004.

b) Contratista: *Lógica Equipamientos Integrales, S.L.*

c) Nacionalidade: española.

Importe da adxudicación: lote: 6 por un importe de catro mil novecentos noventa e catro con corenta e dous euros (4.994,42 €, IVE incluído).

En cumprimento do disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común, notifícase, advertíndose que esta resolución pon fin á vía administrativa e é susceptible do recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses

contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2004.

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo  
Director xeral da División de Recursos  
Económicos

*Resolución do 21 de abril de 2004, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo-Marítimo Oza da Coruña, pola que se corrixe a Resolución do 10 de marzo de 2004 pola que se anuncia concurso de servizos, polo procedemento aberto e plurianual, para o servizo de vixilancia dos centros e as súas dependencias que integran o Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo-Marítimo Oza. (Ref. C. 144/2004).*

Advertido un erro no prego de prescricións técnicas do concurso convocado pola citada resolución, publicada no *Diario Oficial das Comunidades Europeas* nº 2004/S 62-053116, do 27 de marzo de 2004, no BOE nº 82, do 5 de abril, e no *Diario Oficial de Galicia* nº 69, do 12 de abril de 2004, corresponde facer a oportuna corrección:

No punto 3.2 do referido prego de prescricións técnicas, onde di: «29 postos, facendo un total de 84.680 horas, e un (1) posto de control para o Hospital Juan Canalejo en quenda de noite», debe dicir: «28 postos, facendo un total de 81.760 horas, e cero (0) postos de control para o Hospital Juan Canalejo en quenda de noite».

Esta corrección de erros afecta os prazos de presentación de proposicións, anulándose os da convocatoria anterior e comezando a contar de novo desde a publicación desta.

Prazo de presentación de proposicións: 27 de maio de 2004.

A Coruña, 21 de abril de 2004.

Jesús Caramés Bouzán  
Director xerente do Complexo Hospitalario  
Universitario Juan Canalejo-Marítimo Oza da Coruña

## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

*Resolución do 31 de marzo de 2004 pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo 0078/2004 (procedemento abreviado) interposto por María Pilar Rivera Pardo.*

No Xulgado do Contencioso-Administrativo número un da Coruña tramítase o recurso nº 0078/2004 (procedemento abreviado) interposto por María Pilar

Rivera Pardo, contra a Resolución Reitoral do 29 de decembro de 2003 (DOG do 26-1-2004), pola que se nomean funcionarios de carreira da escala auxiliar administrativa da Universidade da Coruña.

O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer no xulgado como demandados no prazo de nove días, contado a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Coruña, 31 de marzo de 2004.

José M<sup>a</sup> Barja Pérez  
Reitor da Universidad da Coruña

## UNIVERSIDADE DE VIGO

*Resolución do 16 de abril de 2004 pola que se anuncia concurso público, por procedemento aberto e mediante tramitación urxente, para a adxudicación dos contratos que se citan.*

1. Entidade adxudicadora.

Organismo: Universidade de Vigo.

Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Xestión Económica e Contratación.

Nº de expediente: 304/2004.

2. Obxecto do contrato.

Descrición do obxecto: dirección facultativa arquitecto, dirección facultativa aparellador e coordinación de seguridade e saúde correspondente á obra Estación de Ciencias Mariñas -Módulo 1- Campus Mariño Illa de Toralla.

a) Categoría CNPA para o expediente 304/2004: non procede. b) Prazo de execución: o indicado no punto 6 do prego de cláusulas administrativas particulares. c) Lugar de execución: Campus de Vigo.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

Forma: concurso público.

4. Orzamento.

Lote 1 (dirección arquitecto): 41.636,30 euros (IVE incluído).

Lote 2 (dirección aparellador): 31.469,29 euros (IVE incluído).

Lote 3 (coordinación de seguridade e saúde): 9.327,83 euros (IVE incluído).

5. Garantías: as indicadas no prego de cláusulas administrativas particulares.

## 6. Obtención de documentación e información.

Entidade: Universidade de Vigo. Servizo de Xestión Económica e Contratación.

Enderezo: edificio Reitorado, 2º andar, Campus As Lagoas-Marcosende.

Localidade e código postal: Vigo 36310.

Teléfono: 986 81 35 56.

Telefax: 986 81 38 57.

Data límite de obtención de documentos e información: o día de finalización do prazo de presentación de ofertas.

<http://www.uvigo.es/servicios/contratacion/>

## 7. Presentación das ofertas.

Data límite de presentación: o oitavo día natural seguinte ó da publicación desta Resolución no DOG.

Documentación que hai que presentar: a indicada no prego de cláusulas administrativas particulares.

Lugar de presentación:

1º Entidade: rexistro xeral da Universidade de Vigo.

2º Domicilio: edificio reitorado, baixo, Campus As Lagoas-Marcosende.

3ª Localidade e código postal: Vigo 36310.

## 8. Apertura de ofertas.

Entidad: sala de xuntas do Reitorado da Universidade de Vigo.

Enderezo: Campus As Lagoas-Marcosende.

Localidade: Vigo.

Data: o primeiro día hábil seguinte ao da data de finalización do prazo de presentación de ofertas.

Hora: 13.00 horas.

9. Gastos de anuncios: serán por conta do adxudicatario.

10. Páxina web onde poden obter o prego e demais informacións do expediente:

[http://www.uvigo.es/servicios/contratacion.](http://www.uvigo.es/servicios/contratacion/)

Vigo, 16 de abril de 2004.

P.D. (Resolución 15-5-2003)

Augusto Viso Alonso

Xerente da Universidade de Vigo

## b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

### CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

*Suspensión do outorgamento de licenzas nos ámbitos do territorio obxecto da modificación das NN.SS. de planeamento do Concello de Campo Lameiro para a creación dun parque empresarial no lugar de Redonde.*

O pleno do concello, en sesión do 16 de febreiro de 2004, aprobou inicialmente a modificación pun-

tual das normas subsidiarias de planeamento de Campo Lameiro para a creación dun parque empresarial que se situará no lugar de Redonde, parroquia de Fragas, en forma paralela á estrada PO-223, e inmediateamente ao sur da entidade de Redonde, tendo por obxecto a reclasificación dun ámbito de solo non urbanizable común e de solo rústico de protección forestal de 107.681,80 m<sup>2</sup>, como solo urbanizable non delimitado (SUND) para a creación dun parque empresarial, cuxo perímetro se atopa definido nos planos que constan no proxecto redactado pola empresa *Arteplán, S.A.*

A aprobación inicial da modificación puntual das normas subsidiarias do planeamento determina, automaticamente, por aplicación do disposto no artigo 77.2º da Lei 9/2002 de ordenación urbanística de Galicia, a suspensión de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto da modificación, para todos os usos e obras que resulten incompatibles coa ordenación proxectada.

A suspensión terá unha duración máxima de dous anos contados desde a aprobación inicial e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva da modificación das normas subsidiarias.

Campo Lameiro, 14 de marzo de 2004.

O alcalde  
Rubricado

### CONCELLO DE CARRAL

*Anuncio.*

No BOP nº 41, do 19 de febreiro de 2004, publícase a rectificación das bases da convocatoria que rexerán as probas selectivas para a provisión da praza de auxiliar administrativo no cadro de persoal laboral fixo do Concello de Carral.

O novo prazo de presentación de instancias para tomar parte na proba será de 10 días naturais contados desde a publicación deste anuncio no BOE.

Carral, 31 de marzo de 2004.

José L. Fernández Mouriño  
Alcalde

### CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Resolución do 5 de abril de 2004 pola que se anuncia o concurso que se cita.*

Obxecto do contrato: obras de execución dun pavillón polideportivo cuberto no SUNP-17 do Restollal (Paxonal).

Tipo de licitación: 999.457,68 euros, IVE incluído.

Prazo de execución: o prazo de execución das obras será de 10 meses.

Forma de adxudicación: concurso e procedemento aberto.

Proposicións: os licitadores poderán presentar proposicións no rexistro xeral do Concello de Santiago de Compostela, entre as 9.00 e as 14.00 horas, dentro do prazo de 26 días naturais, contados desde o día seguinte á data da derradeira das publicacións que corresponden facer no DOG e no BOP da Coruña.

Clasificación do contratista: grupo C, subgrupos 2, 3, 4 e 9 categoría e.

Documentación: *Copy Estudio* Rúa Nova de Abaixo, nº 19-21, local 2. Teléfono 981 59 33 85.

Información: Concello de Santiago de Compostela. (Sección de Contratación). Teléfono 981 54 30 33. Fax 981 57 76 27.

Criterios de adxudicación: son os sinalados no artigo 15.3º.3 do prego de cláusulas administrativas.

Garantía provisional: non se exige.

Garantía definitiva: 4% do importe de adxudicación.

Apertura de plicas: terá lugar en acto público na casa do concello (secretaría) ás 10.30 horas, o segundo día hábil seguinte á finalización do prazo de presentación de proposicións. De coincidir sábado, a apertura realizarase o primeiro día hábil seguinte.

Gastos de anuncios: o gasto derivado das publicacións desta licitación será por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2004.

José A. Sánchez Bugallo  
Alcalde

*Anuncio do 19 de abril de 2004 de poxa por procedemento aberto da concesión de bens de uso público municipal na Alameda de Santiago de Compostela.*

Obxecto do contrato: é a utilización de bens de uso público do Concello de Santiago de Compostela, que comprenden única e exclusivamente a zona de parque e paseos da Alameda, para a instalación de barracas, carruseis e demais postos, elementos e xogos exclusivos e típicos de festa, durante as festas da Ascensión e do Apóstolo.

Tipo de licitación: a cantidade que o concesionario lle deberá aboar ao Concello será de 114.000 euros, IVE incluído como mínimo, realizándose as ofertas á alza.

Duración do contrato: desde o 13 ata o 30 de maio durante as Festas da Ascensión e do 17 de xullo ao 1 de agosto durante as do Apóstolo.

Garantías: fianza provisional: 3.005 euros.

Fianza definitiva: 24.040,48 euros.

Prazo e lugar de presentación das proposicións: poderanse presentar no rexistro xeral do Concello de 9.00 a 14.00 horas en sobres pechados, coa documentación e requisitos exixidos no prego de condicións no prazo de oito días naturais contados a partir do día seguinte á data da derradeira das publicacións que correspondan facer no DOG e no BOP da Coruña.

Apertura de plicas: terá lugar na Casa do Concello (Secretaría) ás 10.30 horas o segundo día hábil seguinte ao remate do prazo de presentación de proposicións. De coincidir sábado, a apertura realizarase o primeiro día hábil seguinte.

Información e documentación: Concello de Santiago de Compostela. (Sección de Contratación). Teléfono 981 54 30 33. Fax 981 57 76 27.

Gastos de anuncios: o gasto derivado das publicacións desta licitación será por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2004.

José A. Sánchez Bugallo  
Alcalde

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

*Resolución do 16 de abril de 2004 pola que se anuncia concurso para a contratación da obra E.P. 8001 Caldas-Carracedo-Catoira (Caldas de Reis).*

Obxecto e tipo de licitación: a contratación, por procedemento aberto, mediante concurso, trámite de urxencia, da dita obra por importe de 444.036 euros, IVE incluído.

Clasificación empresarial: grupo G, subgrupo 4, categoría d.

Fianzas: definitiva do 4% do prezo de adxudicación.

Prazo de presentación de plicas: trece días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio do concurso no BOP, no rexistro xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, das 9 ás 13 horas.

Apertura de plicas: no Pazo Provincial, ás 11 horas do segundo día hábil seguinte ao día en que finalice o prazo sinalado para a presentación de plicas.

Información e obtención de documentación: Servizo de Contratación da Deputación Provincial de Pontevedra. Tfno.: 986 80 41 01.

Pontevedra, 16 de abril de 2004.

O presidente  
Rubricado

O secretario  
Rubricado